Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 07/05/2018 17:20:31

Raúl Fernández Fernández na data 07/05/2018 17:20:37

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/05/2018 17:20:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, sobre a situación de ABANCA.

Os últimos acontecementos veñen a demostrar que a decisión de poñer en mans de capital estranxeiro a principal entidade financeira galega foi unha enorme irresponsabilidade.

Hoxe por decisións adoptadas lonxe do interese común dos galegos e galegas, o 40% do aforro do país esta sometido a un enorme risco e incerteza, tamén a financiación de milleiros de empresas e centos de miles de consumidores.

O negocio bancario en xeral e en particular a Banca son entidades con direccións personalistas e polo tanto sofren con moita intensidade calquera cambio ou incerteza sobre a súa dirección, así hoxe parece evidente que ABANCA vaise resentir da repentina desaparición do seu propietario e máximo directivo. Entidade cuxas afeccións ou desequilibrios afectan de forma intensa a economía xa que a entidade ten un papel central na economía galega.

Estes movementos, incluída a liquidación definitiva da marca Banco Pastor, que poden anteceder a venda de ABANCA a un dos grandes bancos reforzan o proceso de oligopolio e exclusión financeira que vive Galicia.

Por estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**:



Que noticias ten a Xunta de Galicia da situación de ABANCA, logo dos últimos acontecementos?

Foi a Xunta de Galicia informada con antelación dos movementos na dirección?

Que vai facer para defender o que queda do sector financeiro galego?

En opinión da Xunta, como pode afectar isto aos depósitos dos galegos e á súa seguridade?

Que balance pode facer a Xunta de Galicia desta semana “horribilis” para o sector financeiro galego coa liquidación da Marca Banco Pastor e a incerteza provocada pola abrupta marcha do propietario de ABANCA?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas
Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 07/05/2018 18:06:03

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Coa chegada do verán, dende hai anos o Sergas tende a planificar “á baixa” a asistencia sanitaria considerando menor nivel cuantitativo do servizo, o que se amosa en termos de camas dispoñibles e en número de traballadores nos centros sanitarios, especialmente nos hospitais. A época pre-estival é a indicada para facer as previsións sobre a dispoñibilidade de recursos persoais e humanos nos meses específicos do verán, unha vez coñecidas as solicitudes de vacacións do persoal e sendo o tempo de conformar as quendas e distribución destas.

A rede de hospitais de Galicia ten algo máis de 7.000 camas en total. Habitualmente os centros hospitalarios galegos perden o uso de máis de 1.000 delas entre xuño e setembro. Profesionais do sistema sanitario estimaron en 1.200 as que foron pechadas no ano 2016 (*Enfermeros denuncian el cierre de 1.200 camas hospitalarias en verano en Galicia; 12.07.2016 La Opinión; Los hospitales gallegos tendrán 1.200 camas menos este verano; 30.05.2016 Cadena Ser*). No ano 2017 existiu unha confusión aparentemente intencionada sobre os recursos bloqueados durante a mesma época por parte da Consellería, que dificultou a posibilidade de contabilizar as camas útiles, o que se suma á habitual opacidade gubernativa especialmente no eido sanitario. Así, mentres respostas oficiais da consellería no Parlamento de Galicia situaba a porcentaxe de camas pechadas no entorno do 11-12 %, o propio conselleiro apuntaba a cifras en torno ao 15-20 % (*A Xunta de Galicia oculta ao Parlamento cantas camas pechará nos hospitais este verán; 03.07.2017 Praza Pública*).

Tamén a cantidade de persoal traballando no Sergas chegada a época do verán é notoriamente menor que no resto do ano. A correlación habitual establécese co peche de camas, de forma que se reduce o servizo coa argumentación de que hai menos pacientes, conquerindo como gran vantaxe que o investimento en sanidade é menor. O verán é,

Grupo Parlamentario

naturalmente, o período maioritario de vacacións dos profesionais, e a contratación eventual supón a ferramenta que sería necesaria para cubrir as baixas producidas por estas vacacións. A propia Consellería de Sanidade ten estimado nun 20 % o volume de contratación temporal dentro do propio Sergas durante o global do ano, non entanto os sindicatos teñen apuntado a volumes maiores, sendo difícil coñecer a realidade concreta debido á opacidade dos datos oficiais. En verán, estes porcentaxes elévanse polas substitucións, pero non son cubertas todas as necesidades.

O verán supón, en definitiva, unha época de debilidade para o sistema sanitario público de Galicia, no que a planificación trata de provocar menores ingresos hospitalarios para ter menores demandas asistenciais e, por tanto, menor necesidade de recursos persoais e materiais.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Pode garantir o Goberno galego que a atención sanitaria en Galicia está durante o verán ao mesmo nivel que o resto do ano?
2. Cantas camas estarán sen uso habitual durante o período de verán segundo a previsión da Xunta de Galicia? Que porcentaxe de camas estarán sen uso habitual durante o verán en cada área sanitaria?
3. Cal é o volume medio de ocupación de camas no conxunto de centros hospitalarios de Galicia durante todo o ano? E durante a época de verán?
4. Que volume de persoal se contratará no Sergas para cubrir, durante o verán, as substitucións dos profesionais que collen as súas vacacións?
5. Pode garantir a Xunta de Galicia que existe o mesmo número de profesionais sanitarios en servizo durante o verán que durante o resto do ano?



 Grupo Parlamentario

6. En base a que criterios e/ou informacións se planifica e documenta a dotación de recursos (especialmente persoal e camas) no verán para o Sergas? Existe documento de esa planificación?
7. Como valora o Goberno galego as reclamacións e reivindicacións dos profesionais solicitando o non peche de camas e a redución de persoal nos centros hospitalarios durante o verán?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2018 16:39:10

Noela Blanco Rodríguez na data 08/05/2018 16:39:16

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A finais de 2017 iniciouse a tramitación do proxecto de decreto polo que se crea e regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. Este decreto ten por obxecto a creación deste observatorio, así como a regulación das súas funcións, a composición, o réxime de funcionamento e o procedemento de solicitude e recoñecemento das vogalías representantes de colectivos LGTBI no dito observatorio.

Segundo teñen denunciando as entidades LGTBI, este proceso non é plural, participado nin transparente.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero?
2. En que fase de elaboración do decreto de creación do observatorio se abriu o proceso de diálogo e participación das persoas LGTBI, e outras institucións coma os concellos?
3. Cal van ser as funcións do observatorio?
4. Cal será a composición deste órgano?
5. Considera o Goberno galego que a representación das entidades LGTBI no Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero é axeitada?
6. Cantas veces se reunirá de xeito ordinario o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/05/2018 17:06:16

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2018 17:06:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2018 18:09
Nº Rexistro: 30701
Data envío: 08/05/2018 18:09:06.342

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a evolución da matriculación e abandono dos estudos de Formación Profesional Básica.

A Formación Profesional Básica iniciouse en Galiza coa aprobación do Decreto 107/2014 ao abeiro da LOMCE. Desde a súa posta en funcionamento foi incrementándose o número de estudantes que cursaron matrícula nesta modalidade formativa encamiñada a reducir as cifras de abandono escolar temperá permitindo a continuidade do alumnado dentro do sistema e procurando maior cualificación profesional.

Neste senso, fixéronse públicos os datos correspondentes ao aumento da matrícula (43% en dous anos, segundo o Ministerio de Educación) porén, non se ten avaliado o resultado desta modalidade de Formación Profesional para o que sería preciso contabilizar a porcentaxe do alumnado que completa os dous cursos de formación.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Apenas existe un estudo ao respecto, desenvolvido por María-Carmen Sarceda-Gorgoso, María Carmen Santos-González e María del Mar Sanjuán Roca, investigadoras da Universidade de Santiago de Compostela (USC), *Formación Profesional Básica, alternativa ao fracaso escolar? (2017)*, publicada na Revista de Educación do MECD.

Do estudo, no que se analizan os datos correspondentes aos cursos 2014/2015 e 2015/2016, despréndese un resultado que chama a atención e advirte, segundo as propias autoras, que a FPB non está a lograr o seu obxectivo pois o 48,6% do estudiantado matriculado abandonou os estudos despois do primeiro ano.

Das 2.086 persoas inicialmente matriculadas no curso 2014/2015 só 1.072 se mantiveron no 2015/2016.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Cales son as cifras de abandono escolar que se rexistran, no tempo transcorrido desde a implantación da FP Básica, entre o primeiro e segundo curso?

- Cal é a porcentaxe de estudantes que culminan esta formación?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten analizado a Xunta de Galiza cales son as causas que motivan este abandono?

- En caso afirmativo, a que se debe e que medidas prevé adoptar o Goberno galego para o corrixir, se así o considera oportuno?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2018 18:08:40



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2018 18:09
Nº Rexistro: 30701

Data envío: 08/05/2018 18:09:06.342

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2018 18:08:44

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2018 18:08:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2018 18:08:48

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2018 18:08:50

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2018 18:08:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 11:06
Nº Rexistro: 30720
Data envío: 09/05/2018 11:06:47.623

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa a demandar do Estado español que leve a cabo medidas legais contra Noruega para defender os dereitos dos mariñeiros galegos embarcados en buques deste país aos que se lles está a negar as súas pensións de xubilación.

Como se sabe, Noruega non reconece pensións de xubilación aos nosos traballadores do mar embarcados nos seus buques até o ano 1994, máis de 12.000, segundo a asociación Long Hope, por carecer da condición de residentes mentres traballaban alí, pagando os seus impostos. A súa actual desprotección agrávase polo feito de que o Estado español non computou o tempo de embarque nestes buques para o cálculo aquí de prestacións de seguridade social. Un grave problema de desamparo legal reconecido pola Comisión Europea, que se desentendeu do asunto proponendo un convenio bilateral de seguridade social entre España e Noruega, mais sempre considerando que esta desprotección por falla de residencia era legal antes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo. Dende logo, a resposta sería distinta de terse analizado a residencia como requisito de afiliación ao sistema noruego de seguridade social desde o Convenio Europeo de Dereitos Humanos, que permite cualificar como condición excluínente e discriminatoria esixir a residencia para tal inclusión, tamén antes de 1994, ao vulnerar dereitos fundamentais universalmente



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 11:06
Nº Rexistro: 30720
Data envío: 09/05/2018 11:06:47.623

recoñecidos, xa que, reparando na xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, hai diferenza de trato discriminatorio por razón de nacionalidade, ao non esixirse a residencia, polo contrario, os nacionais noruegos empregados nos mesmos barcos, sen que exista xustificación obxectiva e razoábel para iso.

Hai unha desigualdade de trato en materia de seguridade social que supón unha vulneración do artigo 14 do Convenio Europeo de Dereitos humanos ,relativo á “prohibición de discriminación”, en relación co establecido no artigo 1, sobre “protección da propiedade”, do protocolo 1 do citado Convenio. O remedio xurídico a esta diferenza de trato discriminatoria por razón de nacionalidade na esixencia do requisito da residencia sen xustificación obxectiva e razoábel, pódeno atopar os nosos mariñeiros emigrantes no propio Convenio Europeo de Dereitos Humanos. O Convenio contempla un sistema específico de protección do conxunto de dereitos e liberdades fundamentais que figura no seu contido, que está centrado na figura do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e cuxa actividade de control actívase a partir sempre da interposición de demandas interestatais, artigo 33, e de demandas individuais, artigo 34.

Dacordo co artigo 33 do Convenio “Asuntos Interestatais” o procedemento pode iniciarse por demanda interposta por un estado parte do Convenio contra outro estado que tamén o sexa, que é polo que recibe tamén a denominación de “demanda interestatal”. A xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos rexistra a presenza deste tipo de demandas, razón pola que no caso dos nosos mariñeiros emigrantes embarcados en buques noruegos, cabe a posibilidade legal de que sexa o Estado español quen poida denunciar a Noruega por vulneración dos dereitos fundamentais de aqueles traballadores discriminados por razón da súa nacionalidade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo o artigo 34 do Convenio, o procedemento pode iniciarse por demanda interposta por particulares, de modo que, sempre no noso caso, deberían selos propios traballadores do mar en barcos noruegos os que tivesen que preitear, mais sobor da base de que as súas demandas contra Noruega deberían cumprir a “condicións de admisibilidade” do artigo 35 do Convenio, o que supón esgotar todas as vías xudiciais internas do Estado parte demandado para darlle “a posibilidade de reparar por si mesmo e en primeiro lugar, a nivel nacional, a violación alegada”, isto é, antes de demandar a Noguega ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, tense que reclamar nos tribunais de dito estado até a última instancia.

A pesares de o Parlamento Galego ter solicitado en varias ocasións, a través de acordos aprobados por unanimidade de todas as forzas políticas con representación no mesmo, ao Goberno español, aínda non quixo interpoñer unha “demanda interestatal”. Por esta razón, os propios afectados escomezaron o procedemento presentando unha demanda individual. Víronse forzados a empregar este remedio procesual, que, en comparación coa vía das demandas interestatais, é máis dilatado no tempo, as persoas implicadas resultan ser de moi avanzada idade en moitos casos, e tamén máis custoso economicamente para as persoas e familias implicadas, co que se agrava a súa delicada situación económica, non hai que esquecer que moitas delas están en situacións de necesidade realmente clamorosas por causa do desamparo no que viven. Por iso se ten aproveitado habilmente o Reino de Noruega.

Na súa estratexia xudicial, o Reino de Noruega, situou aos nosos mariñeiros emigrantes nun labirinto xudicial realmente custoso, a día de hoxe as persoas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 11:06
Nº Rexistro: 30720
Data envío: 09/05/2018 11:06:47.623

afectadas tiveron gastos xudiciais por valor de 70.000 euros e sen aparente saída, sempre co fin de lograr que pase o tempo, vaian finando as persoas afectadas, e evitar en definitiva, ser xulgado polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Así o confirman os feitos. Primeiro, a sentenza do Tribunal de Primeira Instancia de Oslo de 28 de abril de 2017 que falla declarando que non hai vulneración de dereitos fundamentais por falta de protección social en Noruega; despois a sentenza da Corte suprema de Noruega de 17 de xullo de 2017 que responde negativamente á solicitude de Long Hope de levar o caso directamente á propia Corte Suprema; e por último, a sentenza da Corte de Apelacións e Noruega, anulando a citada sentenza do Tribunal de Primeira Instancia de Oslo de 28 de abril de 2017, obrigando a iniciar todo de novo. Con isto, a situación de desprotección dos nosos emigrantes empeza a ser propia dunha agonía, tendo en conta que a súa avanzada idade e o seu delicado estado de saúde non permiten moitas demoras na resolucións do problema, mais tamén tendo en conta o que xa tiveron que pagar pola súa defensa legal tendo en conta que son persoas sen moitos recursos económicos.

En definitiva, agora é o momento de que o Estado español se comprometa, emprenda medidas legais contra o Reino de Noruega ao amparo do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e do Regulamento do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, precisamente para evitar que os mariñeiros emigrantes afectados queden sós na súa xusta demanda e para evitar tamén que o litixio no Tribunal Europeo de Dereitos Humanos careza de sentido por morte das persoas afectadas. Pode facelo promovendo unha demanda interestatal, dado que, das dúas opcións xudiciais que en concepto de demanda ofrece o Convenio, aquí o máis vantaxoso desde todos os puntos de vista segue sendo o da demanda interestatal, ao ser máis rápido e corto no tempo. Ademais de resultar totalmente asequíbel desde o punto de vista económico



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por resultar menos custoso. Mais tamén pode facelo adoptando outras medidas legais tamén previstas en aplicación do Convenio europeo de Dereitos Humanos e do Regulamento do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, tais como a intervención do Estado español como terceira parte en Demanda Individual. Nestes momentos, os mariñeiros de Long Hope xa están litigando contra o Reino de Noruega nos seus tribunais coa finalidade de esgotar a vía interna antes de acudir ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Non hai que esquecer que a estratexia procesual de Noruega consiste en dilatar o tempo con todo tipo de argucias procesuais que eviten que o asunto chegue ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Isto aconsella que sexan as propias persoas afectadas as que decidan, en función das súas necesidades e intereses, as vías legais de actuación do Estado español e o momento máis oportuno para facelo, tendo conta que do que se trata é garantir no só a vulneración dos seus dereitos de protección social chegue en tempo e forma ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, senón tamén que este tribunal resolva en favor dos nosos traballadores do mar emigrantes en buques noruegos.

Esta iniciativa ten por obxecto esixir a obriga que teñen os poderes públicos en relación coa protección das persoas emigrantes, recollido na propia Constitución española de 1978, no seu artigo 42 “ O Estado velará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro”.

Por estas razóns formúlase a seguinte interpelación:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 11:06
Nº Rexistro: 30720
Data envío: 09/05/2018 11:06:47.623

-Considera o Goberno galego que o Goberno español está a defender os intereses dos mariñeiros galegos que traballaron en buques noruegos até 1994?

-Tenlle solicitado explicacións ao Goberno español de por que non ten presentado demanda interestatal contra o Goberno de Noruega para defender os intereses dos arredor de 12.000 mariñeiros embarcados en buques dese país até 1994, a pesares de o Parlamento Galego ter solicitado en varias ocasións, a través de acordos aprobados por unanimidade de todas as forzas políticas con representación no mesmo?

-Que actuacións ten realizado en defensa dos dereitos dos mariñeiros galegos embarcados en buques de Noruega aos que se lles está a negar as súas pensións?

-Cales ten intención realizar?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 11:06
Nº Rexistro: 30720
Data envío: 09/05/2018 11:06:47.623

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2018 11:05:50

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2018 11:05:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2018 11:05:55

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2018 11:05:56

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2018 11:05:58

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2018 11:05:59

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A tarxeta benvida é unha axuda económica para as familias que teñan un/unha fillo/a, adopten ou estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena. Con carácter xeral, a contía total da axuda será de 1.200 euros a razón de 100 euros/mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla. Esta axuda faise efectiva a través da tarxeta Benvida, a cal só poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia. Segundo se reflicte na propia páxina web da Consellería de Política Social:

“Poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen nun dos seguintes supostos:

- a) Ter fillas ou fillos, tanto por natureza como por adopción, nadas/os entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.
- b) Estar en situación de garda con fins adoptivos dun ou máis nenos/as nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados dende o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento, ou se dita a resolución administrativa ou xudicial para os supostos de garda con fins adoptivos e de adopción”.

En moitos casos quedan fóra destas axudas os nenos e nenas que chegan a Galicia a través dunha adopción internacional, porque é practicamente imposible que o nacemento e a resolución, debido aos trámites que levan implícitos, coincidan no mesmo ano. Mais cando a efectos xurídicos, sociais, civís e administrativos, a data da resolución definitiva marca para todas as administracións o nacemento de todas as obrigacións legais que leva a adopción.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Coñece a Xunta de Galicia as dificultades para ter acceso á tarxeta benvida de moitas familias que realizan unha adopción internacional?
2. Ten previsto o Goberno galego tomar algunha medida para garantir o acceso á tarxeta benvida das familias que realizan unha adopción internacional?
3. Prevé a Xunta de Galicia facer nos vindeiros anos algunha modificación da orde de axudas para as familias que adopten, ou estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 09/05/2018 12:35:33

Julio Torrado Quintela na data 09/05/2018 12:36:10

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira e Eva Solla Fernández, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Interpelación**.

Un colectivo de traballadoras sociais de Atención Primaria da EOXI de Lugo, Cervo, Monforte, alertadas polas irregularidades detectadas a respecto da asistencia sanitaria a persoas estranxeiras na EOXI de Lugo, presentaron unha queixa ante a Valedora do Pobo.

A Valeduría do Pobo, no informe de 2017, indica que no “expediente Q/21442/17 se investigou a problemática” do dereito á asistencia sanitaria, “a cal se iniciou a raíz dun escrito dun grupo de traballadores sociais que denunciaban a existencia de obstáculos administrativos inxustificadas e arbitrarios na tramitación da documentación que permite a estranxeiros non asegurados acceder á asistencia sanitaria na EOXI de Lugo, Cervo e Monforte.”

Na práctica, non se está a garantir a asistencia sanitaria a menores estranxeiros/as nas mesmas condicións que as os/as nacionais, pois hai dificultades para a obtención da tarxeta sanitaria a estas persoas menores. A Unidade provincial da Tarxeta Sanitaria non é dilixente na xestión das mesmas e hai casos de denegacións a menores.

Tamén se produce de xeito frecuente que unha persoa menor inmigrante acuda ao servizo de Urgencias do HULA e o servizo de facturación lle remita, aos poucos días, unha carta solicitando entrega da tarxeta sanitaria e que, de non facelo, se lle facturará o importe da asistencia.



Tamén se produce no HULA, tal e como denuncian traballadoras sociais da provincia, falta de información ás persoas estranxeiras que acoden a Urgencias sobre a asistencia sanitaria en caso de enfermidade grave, o que dá lugar a que, neste suposto, se emita carta de facturación e facturacións a través de Facenda, mesmo a embarazadas e a menores.

Ademais das traballadoras sociais da provincia de Lugo, outras organizacións, como a Rede Galega contra a Trata ou Médicos do Mundo, teñen denunciado irregularidades en relación á tarxeta sanitaria e asistencia sanitaria a inmigrantes.

Ademais, Médicos do Mundo denuncia que se está a vulnerar en Galiza o dereito á alta médica, ao identificarse sistematicamente con alta hospitalaria.

O informe de Médicos do Mundo sobre a asistencia sanitaria a migrantes evidencia deficiencias no Sergas en relación ás seguintes cuestións:

- Falta de formación e información do persoal administrativo.

- Falta de protocolos de actuación e de definición de funcións que faga efectivo o funcionamento e a aplicación da lei.

- Desinformación nos centros de tramitación da súa execución sobre a aplicación da Instrución, pedindo documentación que non é necesaria, solicitando documentos imposibles de conseguir e non facilitando a substitución da información que non se posúe por un informe da traballadora social relativo ao motivo polo que non poida presentar esta documentación.

- Falta de unanimidade dos diferentes profesionais e de diferentes áreas de tramitación nos criterios para definir que tipo de informes hai que elaborar.



- Diferenzas entre sedes territoriais e traballadoras sociais sobre como comprobar a imposibilidade de presentación documental.

Polo exposto, as deputadas que subscriben presentan a seguinte Interpelación:

1.^a) Como vai a Xunta garantir a asistencia sanitaria a migrantes na EOXI de Lugo?

2.^a) Por que non se garante a asistencia sanitaria a menores e embarazadas migrantes nas mesmas condicións que a poboación galega?

3.^a) Non lle parece intolerable, dende o punto de vista humanitario, a desprotección na que quedan as persoas migrantes con relación ao acceso á saúde co Real Decreto-Lei 16/2012, de 20 de abril?

4.^a) Que opinión lle merecen as dificultades no acceso á saúde das persoas migrantes que denuncian as traballadoras sociais da EOXI de Lugo?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez verao

Luís Villares Naveira

Eva Solla Fernández

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 09/05/2018 14:12:53

Luis Villares Naveira na data 09/05/2018 14:13:03

Eva Solla Fernández na data 09/05/2018 14:13:15



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Ante a fonda crise do sector financeiro que explota no 2008, no comezo da crise económica, lonxe de emprender unha reforma no camiño de reforzar a transparencia, a intervención, o control e tutela pública que evitara de novo as expansión das burbullas financeiras, os principais partidos do Estado español pactaron unha “reestruturación” co obxectivo de concentrar e centralizar o sector financeiro, privatizando e bancarizando as caixas de aforros e reducindo o número de entidades, sometidas ademais á supervisión única de institucións centrais do Estado.

Despois dunha década de movementos e transformacións bancarias, en xuño de 2017 consumouse a caída bursátil e venda a prezo de saldo do Banco Popular, o grupo que absorbera o Pastor e que era até o momento o segundo operador bancario en Galiza despois de Abanca.

O Santander mercou a última peza do sistema financeiro galego polo ridículo prezo dun só euro no medio dunha operación escura aínda pendente dunha investigación rigorosa, xa que os supervisores repetiron os mesmos erros e conivencias das crises de Bankia ou das Caixas Galegas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente, hai unhas semanas coñecemos a decisión do Santander de liquidar a marca Pastor, eliminando a súa ficha bancaria e a estrutura propia e polo tanto facendo que desapareza definitivamente a entidade financeira.

En Galiza sumando o persoal de Popular, Pastor e Santander hai sobre 2.300 traballadores e traballadoras, un número que se amplía se temos en conta os servizos derivados. Existe, tamén, unha ampla rede comercial con máis de 200 sucursais.

De consumarse a perda de entidade propia sería unha mala nova engadida a este chanzo no proceso de reestruturación bancaria iniciada coa crise que supón avanzar un paso máis na concentración, centralización e oligopolio bancario.

Neste momento, o Bloque Nacionalista Galego considera fundamental que se leven a cabo as operacións de negociación e diálogo posíbeis conducentes a favorecer que o Pastor manteña a súa marca, ficha bancaria e estrutura propia.

Por todos estes motivos fórmase a seguinte interpelación:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o Goberno galego de cara a favorecer o mantemento da marca pastor e minorar as consecuencias da absorción do grupo por parte do Santander?

-Considera o Goberno galego prioritario levar a cabo estas actuacións?

-É consciente a Xunta de Galiza da perda de empregos que suporía a venda do Banco Popular?

-Que impacto prevé o Goberno galego en materia de emprego? Que ten pensado facer para reduci-lo?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 16:55
Nº Rexistro: 30773
Data envío: 09/05/2018 16:55:05.232

-Que impacto prevé o Goberno galego en materia de consumo? Que ten pensado facer para reduci-lo?

-Que impacto prevé o Goberno galego en materia de acceso a crédito? Que ten pensado facer para reduci-lo?

-Que impacto prevé o Goberno galego en materia de exclusión financeira? Que ten pensado facer para reduci-lo?

-Que impacto prevé o Goberno galego en materia de mantemento de oficinas de atención ao público? Que ten pensado facer para reduci-lo?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 16:55
Nº Rexistro: 30773

Data envío: 09/05/2018 16:55:05.232

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2018 16:52:18

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2018 16:52:22

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2018 16:52:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2018 16:52:34

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2018 16:52:36

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2018 16:52:37

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de EN MAREA, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Recibimos con incredulidade e perplexidade as novas nas que se anuncian cambios na programación da CRTVG e de que varios programas culturais ían “cambiar de formato”. Entre eles deixará de emitirse o DIARIO CULTURAL que dirixe a poeta, xornalista e académica Ana Romaní.

A Radio Galega deixará de emitir o Diario Cultural. O espazo conducido con altísimo nivel por Ana Romaní, desaparece no seu formato actual e os seus contidos diluiranse noutros programas, pero sen contar coa franxa horaria propia nin a independencia coa que goza agora. Será a partir do 10 de setembro cando se confirmen estes cambios, na data na que dará comezo a programación tras o verán da nova tempada, que foi presentada este martes ao comité intercentros da CRTVG.

O que se prevé é “facer transversal” o programa e integralo noutros programas. Dende a CRTVG, deféndese que este cambio supón unha aposta pola cultura ao incrementarse as horas de emisión diaria sobre este ámbito, que pasarían de 50 minutos a 100, aínda que segregados en varias franxas e en diferentes espazos, ademais de engadir unha oferta cultural na fin de semana, cunha franxa de media hora e outra de tres cuartos que non existía. Non semella congruente “diluír” algo que está consolidado e ten recoñecemento social e premios que así o avalan.

Non se entende que un programa que é referente cultural non só polo seu alto grao de fidelización, senón que é un espazo histórico con 28 anos de emisión,



dirixido con excelencia por unha profesional que pasará a ser unha traballadora máis da emisora, perdendo a coordinación dun programa emblemático que tanta falta fai á nosa Cultura. A cidadanía ten dereito a reclamar que este espazo que nos nutre e que nos fai sentir que a Radio pública cumpre o servizo necesario, plural e dá cabida a "todas as artes e propostas dos/as creadores galegos".

É inconcibible que o programa máis importante de cultura desapareza e se comunique que vai dispoñer de máis xornalistas asignados a el e vaise crear na internet unha plataforma específica do Diario Cultural que estaría xestionada por algún profesional da CRTVG, cando o congruente sería incrementar e potenciar o equipo que funciona cun altísimo nivel de produción, dirección e que atende á perfección as demandas informativas, críticas e creativas da cidadanía.

Entre os múltiples cambios que se anunciaron na programación destaca outro que está a ser moi criticado por varios dos representantes dos traballadores no comité intercentros: a supresión das desconexións locais dos servizos informativos. Segunda a CRTVG, esta información local diluirase tamén en bloques integrados dentro doutros espazos como os magazines. Para os representantes dos traballadores/as trátase dunha “manobra sen precedentes para controlar a información e manipulala para servir aos intereses do PP, a escasos meses das citas electorais.

Os argumentos da compañía para a desaparición destas desconexións locais son os dunha maior operatividade e o uso do persoal dispoñible para a elaboración de máis reportaxes. Xa que logo, as referencias horarias que os oíntes tiñan para a información local desaparecen e as novas máis relevantes de cada área ou localidade incorporaranse ao conxunto dos informativos.

“Na súa ambición por controlar os medios públicos para manterse no poder, van acabar con eles, forzando a desafección total do pobo galego”. Claro que non podemos toleralo. Non hai xustificación defendible. Neste sentido O Comité



Intercentros denuncia que coa supresión desas conexións aumentará aínda máis a manipulación informativa, cuxos contidos pasarán a ser controlados e seleccionados desde a central de San Marcos, fundamentalmente polo responsable dos informativos da radio, Alejandro López Carballeira xunto a Tania Fernández Lombao, , máxima responsable de programas da emisora.

Por todo iso, EN MAREA presenta a seguinte Interpelación dirixida ao Conselleiro de Educación e Cultura:

- Que criterios empregan para “diluír” un programa como o Diario Cultural que está fidelizado, consolidado e multipremiado?
- Por que pretender suprimir horas da programación infantil en galego, en xeral, e do Xabarín Club en particular?
- Por que suprimir as desconexións locais dos servizos informativos?
- Como xustifican a perda de referencias horarias que os oíntes tiñan para a información local?
- A que responden estes cambios tan bruscos?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/05/2018 17:02:16

Luca Chao Pérez na data 09/05/2018 17:02:23

Paula Vázquez Verao na data 09/05/2018 17:02:34



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 17:12
Nº Rexistro: 30782
Data envío: 09/05/2018 17:12:26.310

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á situación no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector.

O transporte sanitario terrestre é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo, non se garante a calidade na prestación, e non se respectan os dereitos laborais d@s traballadores/as.

O Sergas sacou a concurso e realizou a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre, no que as empresas presentaron ofertas á baixa. Este concurso xerou malestar e preocupación entre as empresas galegas do sector, e @s traballadores/as. Existían fundados temores de que tal como se estaba a realizar o concurso puidera haber trato de favor e repercutiría nunha mingua das condicións laborais d@s traballadores/as, e unha perda significativa de emprego e deterioro da calidade asistencial.

Os temores estanse a verificar en feitos, estanse a producir toda unha cadea de incumprimentos que afectan ao funcionamento do servizo de ambulancias, @s traballadores/as, @s doentes e á calidade asistencial.

As empresas concesionarias do servizo pretenden que sexan @s traballadores/as @s as que carguen cos custe. Alegan que os orzamentos dos contratos non lles dan para cubrir os gastos do servizo e, aproveitándose das facilidades introducidas polas



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reformas laborais, propoñen rebaixas nas condicións laborais e salariais, mesmo teñen solicitado unha inaplicación do convenio que contempla un aumento de horas de traballo, a rebaixa das melloras sociais e unha redución salarial. Xa se ten producido o empeoramento das condicións laborais no que ten que ver co aumento de horas e o incremento, de entre un 10 e un 20%, da carga de traballo a consecuencia do incremento parello dos servizos que ten que atender o 061 tanto urxentes como non urxentes, aumentou o número de servizos, pero non os cadros de persoal. As traballadoras e traballadores son quen sofren as consecuencias.

A patronal do sector está a bloquear calquera posibilidade de negociación e incluso ameaza con despedimentos se os traballadores non aceptan as condicións que propoñen, polo que a Confederación Intersindical Galega ten convocada folga no sector.

Os incumprimentos danse por parte das empresas adxudicatarias, mais a responsabilidade desta situación tamén é da propia administración, xa que tanto @s responsábeis do 061, como do Sergas son perfectamente coñecedores do que está a acontecer e non realizan as tarefas nin de vixilancia nin de control.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación:

-É coñecedor o Goberno galego das demandas d@s traballadores/as das empresas que prestan o servizo de transporte sanitario terrestre?

-Coida que se está garantido un servizo de calidade e as condicións laborais d@s traballadores/as?

-Vai levar a cabo unha función de mediación entre as empresas adxudicatarias do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que tipo de control realiza sobre a prestación do servizo por parte das empresas?

-Coida que se están garantindo os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adjudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre?

-Está a exercer a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos?

-Vai rectificar a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial, nos concursos para a adjudicación do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 17:12
Nº Rexistro: 30782
Data envío: 09/05/2018 17:12:26.310

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2018 17:11:15

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2018 17:11:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2018 17:11:21

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2018 17:11:23

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2018 17:11:24

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2018 17:11:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30473
Data envío: 03/05/2018 18:42:17.704

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Na Coruña existe un vivo e intenso debate en relación co futuro do borde litoral da cidade, desde os terreos da Solaina e Hotel Finisterre até os peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego. Trátase sen dúbida dun asunto relevante que condiciona o modelo de cidade e hipoteca a xestión do borde litoral durante décadas.

Este debate iníciase en 2004, coa sinatura dun Convenio que hipotecaba o futuro da cidade, ao vincular o financiamento do porto exterior da Coruña coa venda dos peiraos e determinando os usos que estes terreos tiñan que ter no planeamento municipal. É evidente que este convenio quería blindar unha operación urbanística especulativa e constitúe unha discriminación a Galiza, pois mentres outros portos son financiados a cargos dos orzamentos do estado, no caso da Coruña quere facerse caixa coa venda de patrimonio público. É evidente que a situación política e social mudou e non pode impoñerse un modelo que claramente foi deslexitimado polos veciños e veciñas da Coruña.

É evidente que unha decisión, que condiciona o modelo da cidade da Coruña non pode facerse de costas á cidadanía e de maneira unilateral por parte de institucións en mans do PP. Porén, o "Protocolo de actuación" asinado entre Fomento, Xunta,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30473
Data envío: 03/05/2018 18:42:17.704

Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña (APAC) vai precisamente nesa equivocada dirección e non pode servir como punto de partido por ser unha vergoña e un latrocinio para a cidade da Coruña.

Desde o BNG consideramos que este Protocolo consolida un modelo especulativo fracasado que aposta pola construción de milleiros de vivendas e centros comerciais nunha cidade na que hai milleiros de vivendas baleiras e cunha evidente saturación de grandes superficies comerciais, e demostra tamén até que punto chega a subordinación do señor Feixóo ao Goberno do Estado, que está disposto a sacrificar os intereses dos e das coruñesas nunha cuestión de tanta relevancia como é a súa fachada portuaria.

Os terreos que hoxe ocupan as instalacións portuarias son propiedade da cidade da Coruña, que os cedeu ao Porto para o seu desenvolvemento en beneficio da cidade. Así que, como é obvio en calquera democracia avanzada, eses terreos no momento en que deixen de ser de uso portuario, teñen que reverter ao seu lexítimo propietario: a cidade da Coruña sen custe de ningún tipo.

Polo dito formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que posición ten a Xunta de Galiza ante a reclamación de que os terreos da Solaina e Hotel Finisterre e os peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego deba ser devoltos a custe cero á cidade da Coruña?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30473
Data envío: 03/05/2018 18:42:17.704

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/05/2018 18:40:11

María Montserrat Prado Cores na data 03/05/2018 18:40:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/05/2018 18:40:18

Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2018 18:40:19

Noa Presas Bergantiños na data 03/05/2018 18:40:20

Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2018 18:40:22

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A VAC Ferrol – San Cibrao é unha arteria fundamental para o desenvolvemento das comarcas de Ferrolterra, Ortegal e da Mariña lucense. É prioritario potenciar a dita VAC para poder saír da situación de debilidade económica potenciando o comercio dunhas comarcas abandonadas.

O día 22 de abril de 2016, celebrouse unha reunión no Concello de Cariño, á que asistiron a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, o delegado provincial da Xunta de Galicia na provincia da Coruña, a delegada provincial da Xunta de Galicia na provincia de Lugo e os representantes, de todas as cores políticas, de 16 concellos das comarcas de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña.

Nesta xuntanza acordouse formar unha comisión de seguimento do proxecto de construción da VAC Costa Norte, ente que estaría formado por un alcalde de cada comarca e de cada cor política (Secundino García, alcalde de San Sadurniño, polo BNG e Ferrolterra; Miguel Alonso, alcalde de Cariño, polo PSdeG e Ortegal; e Jesús Novo, alcalde do Vicedo, polo PP e A Mariña) máis un ou dous representantes da propia consellería.

Esta infraestrutura de comunicación que ten como beneficiarios potenciais a máis de 300.000 persoas que, directa ou indirectamente, se verán beneficiados por este viario. Ademais, non só a mobilidade das persoas vai resultar beneficiada pola obra, senón que a mobilidade de mercadorías de todo o tecido produtivo asentado nestas comarcas que abrangue, entre outros, ao sector da pesca, á explotación forestal, á industria mineira, transportes, téxtil, alimentación, turismo, etc.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan o Goberno galego:



 Grupo Parlamentario

Cales son as razóns da prolongada paralización das obras na VAC Costa-Norte?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/05/2018 10:45:33

Raúl Fernández Fernández na data 04/05/2018 10:45:43

María Luisa Pierres López na data 04/05/2018 10:45:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/05/2018 10:46:00

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A pesares das múltiples evidencias que as fórmulas de colaboración público-privadas na posta en marcha de centros hospitalarios, teñen pésimos resultados e elevados custos para o conxunto da sociedade, o Goberno de Feijóo decidiu realizar este tipo de Xestión para o Novo Hospital de Vigo.

O modelo PFI tradúcese nunha ineficiente Xestión privada do mantemento, provisión enerxética e servizos do centro, con consecuencias negativas para os servizos privatizados como o da cociña, lavandaría, mantemento...

Esta semana, coñecíamos as denuncias que están a facer dende o Hospital en relación á situación coas bolsas da roupa sucia, circunstancia da que xa se teñen queixado noutras ocasións e que está a ocasionar conflitos laborais.

En primeiro lugar encomendouse ao persoal de limpeza, que denunciaron que dita labor non viña recollida no prego de condicións e que ademais restáballes tempo para o aseo doutras zonas, tendo en conta a plantilla de mínimos na que se atopan.

Agora, a labor acaba de ser encomendada a auxiliares de enfermería por orde da Dirección do complexo hospitalario, pero a Comisión de Centro de Atención Especializada, denuncia que estas función non son propias da súa categoría e non se atopan incluídas no Estatuto, concorrendo unha situación parecida á do persoal de limpeza en tanto que teñen que deixar outras tarefas como a propia atención a



pacientes e tendo en conta que se trata dun colectivo que xa de por si sofre unha excesiva carga de traballo por mor dos recortes.

Os PCAP do contrato do Novo Hospital de Vigo contempla varias figuras que permiten á Xunta de Galicia velar polo correcto cumprimento dos servizos dos que se ten que facer cargo o concesionario así como da correcta execución dos mesmos, tanto mediante a Comisión Mixta de Seguimento á que se lle encomenda entre outras funcións a de “supervisar a execución ordinaria da prestación de servizos por parte do concesionario”, ou mediante persoa que a Administración designe como representante no Consello de Administración, á que os PCAP outórganlle as función de “vixilancia no cumprimento das obrigas do concesionario e cantas funcións de certificación e informe sexan necesarias. En particular, examinará e comprobará os libros e contas da citada sociedade e inspeccionará, no seu caso, todas as instalacións e servizos”.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que pensa facer o Goberno ante este conflito coa roupa sucia?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 04/05/2018 11:40:42

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Essure é un sistema anticonceptivo de dispositivo dinámico, formado por pezas de níquel-titanio, polietilentereftalato, poliéster e acero inox, que se introduce nas trompas de falopio a través do útero.

A Plataforma Española de Afectadas por Essure apunta a que son preto de 80.000 mulleres en toda España ás que lle foi implantado este sistema dende 2003. A existencia de numerosos problemas con este sistema levou a moitas mulleres a demandar a súa retirada. No ano 2015 o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade informaron de 240 solicitudes, aumentando a cifra nestes anos segundo distintas asociacións de pacientes pero sen datos oficiais ao respecto, tampouco de maneira desagregada para Galicia.

Nos casos específicos de Galicia, os colectivos de mulleres afectadas veñen demandando unha mellor atención por parte do sistema, apuntando á necesidade de dotar de maiores medios para mellorar a capacidade asistencial e de tratamento. Son demandadas outras cuestións, como o acceso ao historial clínico, apuntando problemas na xestión destas solicitudes.

A Sociedad Española de Ginecología y Obstetricia (SEGO) ten elaborado un protocolo específico de actuación ante os casos de mulleres que refiren problemas co Essure, que aporta indicacións sobre a necesidade de desenvolver circuitos hospitalarios axeitados para facilitar o tratamento rápido e efectivo, os distintos procedementos de retirada no caso de ser necesario, os dereitos das pacientes e a necesidade de seguimento do tratamento.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten constancia a Xunta de Galicia dos problemas apuntados polos colectivos de mulleres afectadas polo Essure?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 04/05/2018 13:18:04

María Luisa Pierres López na data 04/05/2018 13:18:10

Noela Blanco Rodríguez na data 04/05/2018 13:18:15

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

No mes de abril detectouse un grave problema nos hospitais de Vigo en relación a un polvo branco atopado en contedores que levan a quirófano o instrumental.

Este suceso, levou á cancelación de bastantes operacións e a posta en marcha dunha investigación para saber cal era a causa do problema.

A empresa privada provedora dos contedores, anunciou a posta en marcha dun análise para detectar o problema e ao mesmo tempo, o SERGAS contratou un laboratorio para levar a cabo outra investigación paralela.

A día de hoxe, aínda nada se sabe en relación ás investigacións levadas a cabo pese a que, segundo información pública, o SERGAS xa recibiu informes sobre o sucedido.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte PREGUNTA:

- Cando teñen pensado facer públicos os informes?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 04/05/2018 14:11:35

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

No mes de abril detectouse un grave problema nos hospitais de Vigo en relación a un polvo branco atopado en contedores que levan a quirófano o instrumental.

Este suceso, levou á cancelación de bastantes operacións e a posta en marcha dunha investigación para saber cal era a causa do problema.

A empresa privada provedora dos contedores, anunciou a posta en marcha dun análise para detectar o problema e ao mesmo tempo, o SERGAS contratou un laboratorio para levar a cabo outra investigación paralela.

A día de hoxe, aínda nada se sabe en relación ás investigacións levadas a cabo pese a que, segundo información pública, o SERGAS xa recibiu informes sobre o sucedido.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Que medidas vai tomar para resolver esa situación?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 04/05/2018 14:11:47

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro d disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O concello de Cerdido, na provincia da Coruña, organiza dende hai máis de vinte anos, mostras mensuais que se reparten entre a casa do concello e o centro de saúde, o cal depende da área sanitaria de Ferrol.

O Sergas acaba de prohibir o uso do centro de saúde de Cerdido para exposicións ou calquera outra fin que non teña carácter meramente asistencial, neste caso, afecta ao ciclo « Unha obra, unha mirada».

As exposicións non interrompen o traballo diario do persoal sanitario e administrativo, pero si achegan un anaco de cultura á veciñanza.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Cales son as razóns polas que se teñen que deixar de facer exposicións no centro de saúde de Cerdido?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/05/2018 15:33:49

Julio Torrado Quintela na data 04/05/2018 15:33:59

Noela Blanco Rodríguez na data 04/05/2018 15:34:06

Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Encarnación Amigo Díaz, Marián García Míguez, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Soraya Salorio Porral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Goberno Galego e máis concretamente a Consellería de Economía, Emprego e Industria está a implementar a Axenda 20 para o Emprego para impulsar o emprego estable e de calidade para o modelo produtivo de Galicia baseado no crecemento e no coñecemento.

Esta folla de ruta ten como obxectivo o de reducir o de desemprego ata o 10% coa creación de 100.000 postos de traballo laborais ata 2020. Para iso céntrase en tres retos: fomentar o emprego de calidade, estimulando o emprego indefinido a tempo completo para crear ou converter en indefinidos a 50.000 contratos; reforzar a formación e especialización ao longo da vida laboral; e mellorar e orientar os servizos públicos na atención ás persoas demandantes de emprego.

Por iso, o Goberno galego acaba de por en marcha 100 obradoiros duais de emprego que inclúen formación e un contrato.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance realiza o Goberno galego dos obradoiros duais de emprego que inclúen formación e un contrato?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/05/2018 18:05:36

Marta Rodríguez Arias na data 04/05/2018 18:05:49

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/05/2018 18:05:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/05/2018 18:06:03

María Ángeles García Míguez na data 04/05/2018 18:06:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/05/2018 18:06:20

Raquel Arias Rodríguez na data 04/05/2018 18:06:27

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 04/05/2018 18:06:36

María Soraya Salorio Porral na data 04/05/2018 18:06:45

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

A Xunta vén de desaloxar dunha vivenda de protección oficial en réxime de aluguer, titularidade do IGVS, en Santiago de Compostela a unha unidade de convivencia composta por tres persoas sen terlles conseguido alternativa habitacional.

A Xunta de Galicia tiña coñecemento, a través do Concello de Santiago, das dificultades de convivencia da familia e da falta de habitabilidade desta vivenda dende outubro de 2016. Dende aquel momento, os Servizos Sociais do Concello de Santiago realizan 198 actuacións profesionais con esta familia, perseguindo dous obxectivos básicos: a protección de menores en situación de desamparo, pertencentes á familia extensa das persoas obxecto de desaloxo, e a busca dun aloxamento alternativo.

O 12 de abril comunícase á Concellalía de Políticas Sociais do Concello de Santiago o auto xudicial que prevé o lanzamento da familia da vivenda do IGVS na que residen para o 4 de maio.

A familia desaloxada atópase en situación de exclusión social, tal como sinala un informe dos Servizos Sociais municipais que o 27 de abril de 2018 o Concello de Santiago remitiu á Consellería de Infraestruturas e Vivenda (informe técnico realizado por unha Educadora Social sobre a situación sociofamiliar da unidade



de convivencia). Das tres persoas que vivían habitualmente no inmovible, dúas cobran pensións de invalidez e unha delas é tutelada pola FUNGA, tendo unha discapacidade. Ademais, a familia extensa destas persoas componse con familiares con discapacidade internos en centros e menores de idade, que teñen sido tutelados pola Xunta, que teñen presenza no edificio.

A familia orixinaba problemas de convivencia no inmovible e a vivenda, efectivamente, contaba con problemas de habitabilidade, con nulas condicións de salubridade, supoñendo risco grave para a integridade física desta familia e para as restantes persoas do inmovible, polo cal era preciso realoxar a estas persoas, pero non é tolerable que un organismo público as desaloxe sen alternativa de vivenda, o que agravará, aínda máis, a situación de exclusión destas persoas, pois a súa renda per cápita, inferior ao IPREM, e a súa situación persoal incapacítaas para atopar alternativa habitacional no mercado libre ou a través dos programas Reconduce ou de Vivenda Baleira.

En conxunto, concorren neste caso varios factores de exclusión social: desemprego e falta de ingresos económicos, pertenza a un colectivo estigmatizado, discapacidade, illamento... Ao quedaren estas persoas sen alternativa habitacional será máis difícil a intervención social coas mesmas e trasladarán os mesmos problemas de convivencia a outro lugar.

A Xunta de Galicia ten as competencias exclusivas en materia de Vivenda e de Política Social.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta, para a súa resposta oral en Pleno:



Non considera a Xunta que co desaloxo sen alternativa habitacional nin de programa socioeducativo se agrava a situación de exclusión social destas persoas?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/05/2018 10:33:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Un drama recente vén de subliñar a incompetencia do Goberno da Xunta en materia de vivenda. O novembro pasado, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) decidiu desafuizar a unha familia compostelá para arranxar os problemas de convivencia que xeraba no barrio. “Morto o can, acabouse a rabia”, deberon pensar no organismo. Así, a familia, que xa afrontaba unha durísima situación de exclusión (dous dos seus tres membros cobran pensións de invalidez), corre agora o risco de acabar na rúa, pois a Xunta de Galicia nin sequera lle ofrece un fogar alternativo. A situación vese complicada polo feito de que unha das persoas afectadas está sendo tutelada pola FUNGA (a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas), que se encarga de cubrir as necesidades das mulleres e dos homes maiores de idade que non son quen de valerse por si mesmos.

A familia carece de ingresos máis alá das dúas pensións de invalidez que percibe. A isto hai que sumar o illamento da comunidade e ausencia de apoio social, que foron constatados polo propio Concello.

Non é a primeira vez que a familia se ve nunha situación semellante. Antes xa lle fora adxudicada unha vivenda de promoción pública da que foi desafuzada por non facer fronte aos pagos do aluguer. Así, a nova ameaza de desaloxo pode lerse como a constatación dun fracaso institucional reiterado. A pesar das múltiples advertencias, as administracións non foron capaces de integrar á familia na comunidade.



Segundo un informe dunha traballadora social do Concello de Santiago, "dada a situación na que se atopa esta familia, que tecnicamente é de exclusión social, é imprescindible o apoio, a protección e a tutelaxe dende os diferentes servizos pertencentes á Administración pública, tanto municipais como autonómicos", polo que recomenda que se lle ofrezca un aloxamento alternativo "atendendo aos graves elementos de vulnerabilidade" e "pese aos conflitos xerados no contorno comunitario".

Unha vez avaliados os feitos, a Xunta de Galicia non pode consentir un desaloxo que prexudicaría a tódalas partes implicadas, xa que abocaría á familia á miseria e non solucionaría os seus conflitos coa veciñanza.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- A Xunta de Galicia pensa seguir adiante co desafiuzamento?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 07/05/2018 13:30:32

Marcos Cal Ogando na data 07/05/2018 13:30:41

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A política de acceso á vivenda da Xunta de Galicia cubriu este ano un dos peores resultados de execución de todas as partidas orzamentarias previstas para o ano 2017. Soamente se chegou a un 41,3 % de execución.

Ano a ano vemos como a política de vivenda se estanca e especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto para alugueiro como en propiedade.

Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados día a día, a data do 3 de maio do 2018 era de 11 801 demandantes, a maior parte deles, un 75% son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 % destes con opción a compra.

O dato de rexistro de demandantes da vivenda a día de hoxe na cidade de Pontevedra é de 712 persoas.

Os datos recollidos pola Xunta de Galicia revelan que no concello existe unha necesidade latente de pisos a prezos alcanzables. Sen embargo, a promoción deste tipo de proxectos leva anos paralizado.

Na cidade de Pontevedra se prevén 419 novas vivendas: 272 en Tafisa, 75 no barrio de A Parada, 66 máis en A Eiriña e outras seis en O Gorgullón. Todas elas promovidas polo capital privado.

 Grupo Parlamentario

Isto leva a que as deputadas e o deputado que asinan formulen a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten motivado que ante a demanda de máis de 700 persoas interesadas na cidade de Pontevedra a Xunta de Galicia non poña en marcha novas promocións de vivenda pública?

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López

Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 07/05/2018 17:19:33

Raúl Fernández Fernández na data 07/05/2018 17:19:38

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/05/2018 17:19:43

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A política de acceso á vivenda da Xunta de Galicia cubriu este ano un dos peores resultados de execución de todas as partidas orzamentarias previstas para o ano 2017. Soamente se chegou a un 41,3 % de execución.

Ano a ano vemos como a política de vivenda se estanca e especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto para alugueiro como en propiedade.

Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados día a día, a data do 3 de maio do 2018 era de 11801 demandantes, a maior parte deles, un 75 % son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 % destes con opción a compra.

A oferta de vivenda pública ten baixado notablemente nos últimos anos en Galicia. A Xunta de Galicia ten atribuído estes escasos recursos para promoción de vivendas públicas á súa aposta política pola rehabilitación e reutilización de vivendas baleiras.

O pasado ano 2017 foron soamente 9 as vivendas autonómicas cualificadas definitivamente, segundo datos do propio Ministerio de Fomento. Dato que constata a escasa, por non dicir case inexistente oferta, que se ve incapaz de cubrir suficientemente a demanda actual.

Grupo Parlamentario

De feito co ritmo dos últimos 5 anos, non se ten cuberto máis que o 1 % da demanda anual existente.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten previsto adoptar a Consellería de Infraestruturas e Vivenda para dar solución a este problema?

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 07/05/2018 17:22:39

Raúl Fernández Fernández na data 07/05/2018 17:22:45

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/05/2018 17:22:51

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A política de acceso á vivenda da Xunta de Galicia cubriu este ano un dos peores resultados de execución de todas as partidas orzamentarias previstas para o ano 2017. Soamente se chegou a un 41,3 % de execución.

Ano a ano vemos como a política de vivenda se estanca e especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto para alugueiro como en propiedade.

Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados día a día, a data do 7 de maio do 2018 era de 11 817 demandantes, a maior parte deles, un 75 % son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 % destes con opción a compra.

O dato de rexistro de demandantes da vivenda a día de hoxe na cidade de Lugo é de 822 persoas.

Os datos recollidos pola Xunta de Galicia revelan que no concello existe unha necesidade latente de pisos a prezos alcanzables. Sen embargo, a promoción deste tipo de proxectos leva anos paralizado.

Na cidade de Lugo se tiña constancia en decembro do 2017 de tan só 15 vivendas dispoñibles de promoción pública, o que supón nin tan sequera o 2 % de toda a demanda existente.

Grupo Parlamentario

Isto leva a que as deputadas e os deputados que asinan formulen a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten motivado que ante a demanda de máis de 800 interesados e interesadas na cidade de Lugo a Xunta de Galicia non poña en marcha un número suficiente de promocións de vivenda pública?

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 08/05/2018 16:35:37

Raúl Fernández Fernández na data 08/05/2018 16:35:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/05/2018 16:35:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/05/2018 16:35:53

María de la Concepción Burgo López na data 08/05/2018 16:36:04

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A política de acceso á vivenda da Xunta de Galicia cubriu este ano un dos peores resultados de execución de todas as partidas orzamentarias previstas para o ano 2017. Soamente se chegou a un 41,3 % de execución.

Ano a ano vemos como a política de vivenda se estanca e especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto para alugueiro como en propiedade.

Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados día a día, a data do 7 de maio do 2018 era de 11 817 demandantes, a maior parte deles, un 75 % son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 % destes con opción a compra.

O dato de rexistro de demandantes da vivenda a día de hoxe na cidade de Ourense é de 238 persoas.

Os datos recollidos pola Xunta de Galicia revelan que no concello existe unha necesidade latente de pisos a prezos alcanzables. Sen embargo, a promoción deste tipo de proxectos leva anos paralizado.

Na cidade de Ourense se ten constancia do anuncio de 14 vivendas dispoñibles de promoción pública, para o ano 2019, o que supón que

 Grupo Parlamentario

neste ano non se oferta vivenda algunha e no vindeiro ano se cubrirá apenas o 6 % da demanda existente a día de hoxe.

Isto leva a que as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten motivado que ante a demanda de preto de 240 interesados e interesadas na cidade de Ourense a Xunta de Galicia non poña en marcha un número suficiente de promocións de vivenda pública?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López

Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 08/05/2018 16:35:13

Noela Blanco Rodríguez na data 08/05/2018 16:35:18

Raúl Fernández Fernández na data 08/05/2018 16:35:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/05/2018 16:35:27

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Coa chegada do verán, dende hai anos o Sergas tende a planificar “á baixa” a asistencia sanitaria considerando menor nivel cuantitativo do servizo, o que se amosa en termos de camas dispoñibles e en número de traballadores nos centros sanitarios, especialmente nos hospitais. A época pre-estival é a indicada para facer as previsións sobre a dispoñibilidade de recursos persoais e humanos nos meses específicos do verán, unha vez coñecidas as solicitudes de vacacións do persoal e sendo o tempo de conformar as quendas e distribución destas.

A rede de hospitais de Galicia ten algo máis de 7.000 camas en total. Habitualmente os centros hospitalarios galegos perden o uso de máis de 1.000 delas entre xuño e setembro. Profesionais do sistema sanitario estimaron en 1.200 as que foron pechadas no ano 2016 (*Enfermeros denuncian el cierre de 1.200 camas hospitalarias en verano en Galicia; 12.07.2016 La Opinión; Los hospitales gallegos tendrán 1.200 camas menos este verano; 30.05.2016 Cadena Ser*). No ano 2017 existiu unha confusión aparentemente intencionada sobre os recursos bloqueados durante a mesma época por parte da Consellería, que dificultou a posibilidade de contabilizar as camas útiles, o que se suma á habitual opacidade gubernativa especialmente no eido sanitario. Así, mentres respostas oficiais da consellería no Parlamento de Galicia situaba a porcentaxe de camas pechadas no entorno do 11-12 %, o propio conselleiro apuntaba a cifras en torno ao 15-20 % (*A Xunta de Galicia oculta ao Parlamento cantas camas pechará nos hospitais este verán; 03.07.2017 Praza Pública*).

Tamén a cantidade de persoal traballando no Sergas chegada a época do verán é notoriamente menor que no resto do ano. A correlación habitual establécese co peche de camas, de forma que se reduce o servizo coa argumentación de que hai menos pacientes, conquerindo como gran

Grupo Parlamentario

vantaxe que o investimento en sanidade é menor. O verán é, naturalmente, o período maioritario de vacacións dos profesionais, e a contratación eventual supón a ferramenta que sería necesaria para cubrir as baixas producidas por estas vacacións. A propia Consellería de Sanidade ten estimado nun 20 % o volume de contratación temporal dentro do propio Sergas durante o global do ano, non entanto os sindicatos teñen apuntado a volumes maiores, sendo difícil coñecer a realidade concreta debido á opacidade dos datos oficiais. En verán, estes porcentaxes elévanse polas substitucións, pero non son cubertas todas as necesidades.

O verán supón, en definitiva, unha época de debilidade para o sistema sanitario público de Galicia, no que a planificación trata de provocar menores ingresos hospitalarios para ter menores demandas asistenciais e, por tanto, menor necesidade de recursos persoais e materiais.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pode garantir o Goberno galego que a atención sanitaria en Galicia está durante o verán ao mesmo nivel que o resto do ano?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2018 16:41:31

Noela Blanco Rodríguez na data 08/05/2018 16:41:36

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A finais de 2017 iniciouse a tramitación do Proxecto de decreto polo que se crea e regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. Este decreto ten por obxecto a creación deste observatorio, así como a regulación das súas funcións, a composición, o réxime de funcionamento e o procedemento de solicitude e recoñecemento das vogalías representantes de colectivos LGTBI no dito observatorio.

Segundo teñen denunciando as entidades LGTBI, este proceso non é plural, participado nin transparente.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/05/2018 17:08:23

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2018 17:08:29

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A finais de 2017 iniciouse a tramitación do Proxecto de decreto polo que se crea e regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. Este decreto ten por obxecto a creación deste observatorio, así como a regulación das súas funcións, a composición, o réxime de funcionamento e o procedemento de solicitude e recoñecemento das vogalías representantes de colectivos LGTBI no dito observatorio.

Segundo teñen denunciando as entidades LGTBI, este proceso non é plural, participado nin transparente.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que a representación das entidades LGTBI no Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero é axeitada?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/05/2018 17:08:38

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2018 17:08:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

No DOG número 65 publicado en data 4 de abril de 2018, aparece publicado un anuncio da Axencia Galega de Infraestruturas (anuncio do 21 de marzo de 2018), polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na 04-402, treito Reza, punto quilométrico 1+090 – 3 + 780, de clave OU/16/270.06, así como a relación individual de bens, dereitos e persoas propietarias afectadas polo proxecto referido.

O presente proxecto ten por obxecto a creación dun itinerario mixto peonil e ciclista pola marxe dereita da estrada, retomando posteriormente o itinerario no treito da marxe dereita do río Miño.

Chama poderosamente a atención que no mesmo anuncio se publiquen conxuntamente o proxecto construtivo e a relación individual de bens e dereitos afectados, o que ten dous significados claros: que non existiu intención de contar coa participación previa da veciñanza na súa redacción, e a segunda,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesariamente abordar a ocupación dos mesmos polo trámite de urxencia. Estamos a falar dunha afectación a 45 persoas propietarias e 15 se corresponden con vivendas.

Desde que se coñeceu, a través da súa publicación no DOG as intencións da Consellaría, o temor da veciñanza aumentou de xeito considerábel. Teñen preocupación polo impacto que esta obra vai ter, non só para as súas propiedades, senón, tamén, para a seguridade viaria nesa zona.

Os motivos da oposición veciñal ao proxecto resúmese nas seguintes cuestións: a senda ciclista e peonil que pretende realizarse pola marxe dereita da OU-402 en Reza discorre paralela ás vivendas, sen espazo entre as casas e a devandita senda, ao tempo que aumenta a inseguridade ao atoparse de súpeto a ciclistas e peóns circulando directamente, pegados ás casas, cando abran as portas das súas vivendas e garaxes para saíren á rúa.

O proxecto, ademais, non contempla as históricas demandas da veciñanza que de xeito reiterado ao longo dos últimos anos teñen demandado, por razóns de seguridade peonil, incluír nun plan de obras as beirarrúas e alumeado do que carecen en boa parte da estrada, feito que obriga á veciñanza a invadir a calzada, pola que transita un importante fluxo de vehículos, moitos deles de grandes dimensións. Para a súa sorpresa, non so non se fan as beirarrúas senón que se substitúen en todo este tramo por esa senda ciclista e peonil, que obriga a expropiar terreo das entradas de moitas vivendas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Valora a Xunta de Galiza paralizar o proxecto para poder buscar un consenso social a prol dunha alternativa mellorada e integral para o treito de Reza?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2018 17:47:16



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2018 17:50
Nº Rexistro: 30693

Data envío: 08/05/2018 17:50:48.264

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2018 17:47:21

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2018 17:47:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2018 17:47:23

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2018 17:47:25

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2018 17:47:26



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2018 18:02
Nº Rexistro: 30700
Data envío: 08/05/2018 18:02:07.186

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre os custes e prexuízos causados pola viaxe en tren do ministro de fomento e outras autoridades o 7 de maio de 2018.

O 7 de maio de 2018 o presidente da Xunta de Galiza, o ministro de Fomento e unha comitiva de autoridades fixeron parte dun acto público para anunciar a chegada dunha chuvia de millóns dirixidos ao tren entre Lugo e Ourense para mellorar a conexión entre estas dúas cidades en 2021.

O acto centrouse nunha viaxe en tren entre Sarria e Lugo mais lonxe de facelo valéndose dos horarios regulares, suprimíronse dous servizos (A Coruña-Ourense e Monforte-A Coruña) e mobilizouse un tren Alvia para o efecto, provocando que as persoas usuarias tivesen que facer o traxecto por estrada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2018 18:02
Nº Rexistro: 30700
Data envío: 08/05/2018 18:02:07.186

Canto custou ao erario público o acto propagandístico organizado polos
governos español e galego o 7 de maio?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2018 18:00:36

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2018 18:00:41

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2018 18:00:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2018 18:02
Nº Rexistro: 30700

Data envío: 08/05/2018 18:02:07.186

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2018 18:00:43

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2018 18:00:45

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2018 18:00:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a evolución da matriculación e abandono dos estudos de Formación Profesional Básica.

A Formación Profesional Básica iniciouse en Galiza coa aprobación do Decreto 107/2014 ao abeiro da LOMCE. Desde a súa posta en funcionamento foi incrementándose o número de estudantes que cursaron matrícula nesta modalidade formativa encamiñada a reducir as cifras de abandono escolar temperá permitindo a continuidade do alumnado dentro do sistema e procurando maior cualificación profesional.

Neste senso, fixéronse públicos os datos correspondentes ao aumento da matrícula (43% en dous anos, segundo o Ministerio de Educación) porén, non se ten avaliado o resultado desta modalidade de Formación Profesional para o que sería preciso contabilizar a porcentaxe do alumnado que completa os dous cursos de formación.

Apenas existe un estudo ao respecto, desenvolvido por María-Carmen Sarceda-Gorgoso, María Carmen Santos-González e María del Mar Sanjuán Roca, investigadoras da Universidade de Santiago de Compostela (USC), *Formación Profesional Básica, alternativa ao fracaso escolar? (2017)*, publicada na Revista de Educación do MECD.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2018 18:09
Nº Rexistro: 30703
Data envío: 08/05/2018 18:09:21.608

Do estudo, no que se analizan os datos correspondentes aos cursos 2014/2015 e 2015/2016, despréndese un resultado que chama a atención e advirte, segundo as propias autoras, que a FPB non está a lograr o seu obxectivo pois o 48,6% do estudantado matriculado abandonou os estudos despois do primeiro ano.

Das 2.086 persoas inicialmente matriculadas no curso 2014/2015 só 1.072 se mantiveron no 2015/2016.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as cifras de abandono escolar que se rexistran, no tempo transcorrido desde a implantación da FP Básica, entre o primeiro e segundo curso?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2018 18:09
Nº Rexistro: 30703
Data envío: 08/05/2018 18:09:21.608

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2018 18:06:19

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2018 18:06:24

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2018 18:06:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2018 18:06:28

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2018 18:06:30

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2018 18:06:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30712
Data envío: 08/05/2018 19:33:09.514

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa a demandar do Estado español que leve a cabo medidas legais contra Noruega para defender os dereitos dos mariñeiros galegos embarcados en buques deste país aos que se lles está a negar as súas pensións de xubilación.

Como se sabe, Noruega non reconece pensións de xubilación aos nosos traballadores do mar embarcados nos seus buques até o ano 1994, máis de 12.000, segundo a asociación Long Hope, por carecer da condición de residentes mentres traballaban alí, pagando os seus impostos. A súa actual desprotección agrávase polo feito de que o Estado español non computou o tempo de embarque nestes buques para o cálculo aquí de prestacións de seguridade social. Un grave problema de desamparo legal reconecido pola Comisión Europea, que se desentendeu do asunto proponendo un convenio bilateral de seguridade social entre España e Noruega, mais sempre considerando que esta desprotección por falla de residencia era legal antes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo. Dende logo, a resposta sería distinta de terse analizado a residencia como requisito de afiliación ao sistema noruego de seguridade social desde o Convenio Europeo de Dereitos Humanos, que permite cualificar como condición excluínte e discriminatoria esixir a residencia para tal



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30712
Data envío: 08/05/2018 19:33:09.514

inclusión, tamén antes de 1994, ao vulnerar dereitos fundamentais universalmente recoñecidos, xa que, reparando na xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, hai diferenza de trato discriminatorio por razón de nacionalidade, ao non esixirse a residencia, polo contrario, os nacionais noruegos empregados nos mesmos barcos, sen que exista xustificación obxectiva e razoábel para iso.

Hai unha desigualdade de trato en materia de seguridade social que supón unha vulneración do artigo 14 do Convenio Europeo de Dereitos humanos ,relativo á “prohibición de discriminación”, en relación co establecido no artigo 1, sobre “protección da propiedade”, do protocolo 1 do citado Convenio. O remedio xurídico a esta diferenza de trato discriminatoria por razón de nacionalidade na esixencia do requisito da residencia sen xustificación obxectiva e razoábel, pódono atopar os nosos mariñeiros emigrantes no propio Convenio Europeo de Dereitos Humanos. O Convenio contempla un sistema específico de protección do conxunto de dereitos e liberdades fundamentais que figura no seu contido, que está centrado na figura do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e cuxa actividade de control actívase a partir sempre da interposición de demandas interestatais, artigo 33, e de demandas individuais, artigo 34.

Dacordo co artigo 33 do Convenio “Asuntos Interestatais” o procedemento pode iniciarse por demanda interposta por un estado parte do Convenio contra outro estado que tamén o sexa, que é polo que recibe tamén a denominación de “demanda interestatal”. A xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos rexistra a presenza deste tipo de demandas, razón pola que no caso dos nosos mariñeiros emigrantes embarcados en buques noruegos, cabe a posibilidade legal de que sexa o Estado español quen poida denunciar a Noruega por vulneración dos dereitos fundamentais de aqueles traballadores discriminados por razón da súa nacionalidade.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo o artigo 34 do Convenio, o procedemento pode iniciarse por demanda interposta por particulares, de modo que, sempre no noso caso, deberían selos propios traballadores do mar en barcos noruegos os que tivesen que preitear, mais sobor da base de que as súas demandas contra Noruega deberían cumprir a “condicións de admisibilidade” do artigo 35 do Convenio, o que supón esgotar todas as vías xudiciais internas do Estado parte demandado para darlle “a posibilidade de reparar por si mesmo e en primeiro lugar, a nivel nacional, a violación alegada”, isto é, antes de demandar a Noguega ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, tense que reclamar nos tribunais de dito estado até a última instancia.

A pesares de o Parlamento Galego ter solicitado en varias ocasións, a través de acordos aprobados por unanimidade de todas as forzas políticas con representación no mesmo, ao Goberno español, aínda non quixo interpoñer unha “demanda interestatal”. Por esta razón, os propios afectados escomezaron o procedemento presentando unha demanda individual. Véronse forzados a empregar este remedio procesual, que, en comparación coa vía das demandas interestatais, é máis dilatado no tempo, as persoas implicadas resultan ser de moi avanzada idade en moitos casos, e tamén máis custoso economicamente para as persoas e familias implicadas, co que se agrava a súa delicada situación económica, non hai que esquecer que moitas delas están en situacións de necesidade realmente clamorosas por causa do desamparo no que viven. Por iso se ten aproveitado habilmente o Reino de Noruega.

Na súa estratexia xudicial, o Reino de Noruega, situou aos nosos mariñeiros emigrantes nun labirinto xudicial realmente custoso, a día de hoxe as persoas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30712
Data envío: 08/05/2018 19:33:09.514

afectadas tiveron gastos xudiciais por valor de 70.000 euros e sen aparente saída, sempre co fin de lograr que pase o tempo, vaian finando as persoas afectadas, e evitar en definitiva, ser xulgado polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Así o confirman os feitos. Primeiro, a sentenza do Tribunal de Primeira Instancia de Oslo de 28 de abril de 2017 que falla declarando que non hai vulneración de dereitos fundamentais por falta de protección social en Noruega; despois a sentenza da Corte suprema de Noruega de 17 de xullo de 2017 que responde negativamente á solicitude de Long Hope de levar o caso directamente á propia Corte Suprema; e por último, a sentenza da Corte de Apelacións e Noruega, anulando a citada sentenza do Tribunal de Primeira Instancia de Oslo de 28 de abril de 2017, obrigando a iniciar todo de novo. Con isto, a situación de desprotección dos nosos emigrantes empeza a ser propia dunha agonía, tendo en conta que a súa avanzada idade e o seu delicado estado de saúde non permiten moitas demoras na resolucións do problema, mais tamén tendo en conta o que xa tiveron que pagar pola súa defensa legal tendo en conta que son persoas sen moitos recursos económicos.

En definitiva, agora é o momento de que o Estado español se comprometa, emprenda medidas legais contra o Reino de Noruega ao amparo do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e do Regulamento do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, precisamente para evitar que os mariñeiros emigrantes afectados queden sós na súa xusta demanda e para evitar tamén que o litixio no Tribunal Europeo de Dereitos Humanos careza de sentido por morte das persoas afectadas. Pode facelo promovendo unha demanda interestatal, dado que, das dúas opcións xudiciais que en concepto de demanda ofrece o Convenio, aquí o máis vantaxoso desde todos os puntos de vista segue sendo o da demanda interestatal, ao ser máis rápido e corto no tempo. Ademais de resultar totalmente asequíbel desde o punto de vista económico



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por resultar menos custoso. Mais tamén pode facelo adoptando outras medidas legais tamén previstas en aplicación do Convenio europeo de Dereitos Humanos e do Regulamento do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, tais como a intervención do Estado español como terceira parte en Demanda Individual. Nestes momentos, os mariñeiros de Long Hope xa están litigando contra o Reino de Noruega nos seus tribunais coa finalidade de esgotar a vía interna antes de acudir ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Non hai que esquecer que a estratexia procesual de Noruega consiste en dilatar o tempo con todo tipo de argucias procesuais que eviten que el asunto chegue al Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Isto aconsella que sexan as propias persoas afectadas as que decidan, en función das súas necesidades e intereses, as vías legais de actuación do Estado español e o momento máis oportuno para facelo, tendo conta que do que se trata é garantir no só a vulneración dos seus dereitos de protección social chegue en tempo e forma ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, senón tamén que este tribunal resolva en favor dos nosos traballadores do mar emigrantes en buques noruegos.

Esta iniciativa ten por obxecto esixir a obriga que teñen os poderes públicos en relación coa protección das persoas emigrantes, recollido na propia Constitución española de 1978, no seu artigo 42 “ O Estado velará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro”.

Por estas razóns fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30712
Data envío: 08/05/2018 19:33:09.514

Considera o Goberno galego que o Goberno español está a defender os intereses dos mariñeiros galegos que traballaron en buques noruegos até 1994?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2018 19:31:18

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2018 19:31:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2018 19:31:24

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2018 19:31:25



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30712
Data envío: 08/05/2018 19:33:09.514

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2018 19:31:26

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2018 19:31:27

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, José Antonio Quiroga Díaz e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A parroquia de Oural (Sarria) dispoñía dun consultorio, con persoal para atender a unha consulta médica, ata o ano 2011 en que foi pechado polo Goberno da Xunta de Galicia. A atención ofrecida nese consultorio incluía non so ás persoas desta parroquia, senón de ata 8 parroquias adxacentes, acumulando un volume de pacientes en torno aos 1200.

Oural está a máis de 9 quilómetros do Centro de Saúde de Sarria, que lle corresponde agora aos veciños e veciñas desta parroquia, ao que cabe engadir a non existencia dun transporte público que permita este traslado con relativa facilidade. Si a isto se engaden variables demográficas, como o avellentamento da poboación, a importancia de reabrir o consultorio se pode entender de maneira máis clara.

Os veciños e veciñas de Oural veñen de recoller máis de 1000 sinaturas do entorno, a favor da apertura de novo do consultorio, o que debera ser considerado como un elemento que amosa a implicación social e a relevancia que a cuestión ten para os habitantes do lugar.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia a apertura de novo do consultorio sanitario na parroquia de Oural (Sarria)?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
José Antonio Quiroga Díaz
Noela Blanco Rodríguez



Grupo Parlamentario

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/05/2018 11:32:17

José Antonio Quiroga Díaz na data 09/05/2018 11:32:25

Noela Blanco Rodríguez na data 09/05/2018 11:32:33

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A tarxeta benvida é unha axuda económica para as familias que teñan un/unha fillo/a, adopten ou estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena. Con carácter xeral, a contía total da axuda será de 1.200 euros a razón de 100 euros/mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla. Esta axuda faise efectiva a través da tarxeta Benvida, a cal só poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia. Segundo se reflicte na propia páxina web da Consellería de Política Social:

“Poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen nun dos seguintes supostos:

- a) Ter fillas ou fillos, tanto por natureza como por adopción, nadas/os entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.
- b) Estar en situación de garda con fins adoptivos dun ou máis nenos/as nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados dende o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento, ou se dita a resolución administrativa ou xudicial para os supostos de garda con fins adoptivos e de adopción”.

En moitos casos quedan fóra destas axudas os nenos e nenas que chegan a Galicia a través dunha adopción internacional, porque é practicamente imposible que o nacemento e a resolución, debido aos trámites que levan implícitos, coincidan no mesmo ano. Mais cando a efectos xurídicos, sociais, civís e administrativos, a data da resolución

 Grupo Parlamentario

definitiva marca para todas as administracións o nacemento de todas as obrigacións legais que leva a adopción.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego tomar algunha medida para garantir o acceso á tarxeta benvida das familias que realizan unha adopción internacional?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 09/05/2018 12:53:41

Julio Torrado Quintela na data 09/05/2018 12:53:48

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A comarca de O Salnés vén perdendo capacidade asistencial no eido sanitario durante os últimos anos de maneira constante. A minusvaloración do Hospital do Salnés, coa perda de capacidade coa implantación da EOXI en 2012 e, máis recentemente, coa perda definitiva da condición de área sanitaria que elimina a equidade no acceso ao sistema sanitario e os servizos hospitalarios en comparación coas grandes cidades de Galicia, afonda na dificultade de aspirar a unha atención hospitalaria de calidade.

No caso da atención primaria a situación resulta igualmente preocupante. Os centros de saúde veñen sufrindo as decisións de non substitución de profesionais, o que produce acumulación de pacientes nos profesionais que estean activos cada día, saturando as consultas e elevando o número de persoas atendidas a cifras de 50 ou máis pacientes ao día. Esta circunstancia dáse en centros de saúde como o de Vilagarcía ou Cambados, que teñen problemas de cobertura das prazas por baixas ou vacacións. Cabe apuntar que esta saturación froito da non substitución de profesionais tamén se produce entre distintos centros, como a acumulación de pacientes en torno ao devandito centro de Vilagarcía por non substituír profesionais de medicina xeral en Vilaxoan, ou de pediatría en Catoira. A estes problemas engádense os de mantemento e negación de novos centros de saúde necesarios. Nesta situación se atopa o citado Centro de Saúde de Vilagarcía, poboación de case 40.000 habitantes cun so centro de saúde que está situado nunha edificación de case 50 anos, con graves problemas estruturais e que non pode ser ampliado xa. Tamén ocorre no centro de A Illa de Arousa, onde foi comprometido un novo centro de saúde que logo se transformou nunha reforma do xa existente que non pon solución a todos os problemas.

Grupo Parlamentario

A estes problemas sinalados engádense outros déficits como a non existencia dunha ambulancia SVA con base no Hospital do Salnés, que permitiría mellorar notoriamente a atención ás persoas afectadas por infarto agudo de miocardio. O déficit na atención a esta afección foi posta de relevo por especialistas en cardioloxía do sistema sanitario de Galicia, e a necesidade da implementación dunha ambulancia SVA foi apuntada con contundencia pola Sociedade Galega de Medicina de Urgencias e Emerxencias. A pesar dilo, a Xunta de Galicia non considerou ata o de agora que fose necesario dotar á comarca de O Salnés deste recurso.

A importancia desta comarca en termos poboacionais, no que hai que ter en conta o incremento da poboación en época estival por ser unha das zonas galegas de maior aumento demográfico nesta época, e a súa relevancia en termos sociais e económicos, fai imprescindible afrontar as necesidades sanitarias desta comarca de maneira específica.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria na comarca de O Salnés é satisfactoria?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/05/2018 12:56:00



 **Grupo Parlamentario**

Noela Blanco Rodríguez na data 09/05/2018 12:56:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre as verteduras ocorridas nos últimos días no río Támea.

O Támea nace na serra de San Mamede, no Alto de Talariño a 960 m de altura, preto da freguesía da Alberguería, no concello de Laza, na provincia de Ourense. Atravesa logo o val de Monterrei, para entrar en Portugal e cruzar o distrito de Vila Real, formando linde entre este e o de Braga, para finalmente entrar no de Porto, onde rende as súas augas ao Douro na localidade de Entre-os-Rios.

O pasado 8 de maio, produciuse unha nova vertedura ao río Támea, vertedura que parece vir das obras do AVE. As primeiras imaxes que se puideron ver en xornais e redes sociais correspondían ao río Cereixo, afluente do Támea, concretamente na “piscina “ de Laza. Esta foi unha das verteduras con máis virulencia e segundo diario La Región “Débese á rotura dunha das balsas de contención”. Isto non é crible, aínda que non podemos demostralo, debido a que desde o ano 2013 veñen producindo reiteradamente verteduras ao Támea cando se reinician as obras do AVE e coincidindo con choivas copiosas.

A raíz da primeira vertedura en xuño do 2013, a asociación ecoloxista Adegá, efectuou varias denuncias tanto á Confederación do Douro como á Consellería de Medio Ambiente, non obtendo resposta, ou no mellor dos casos comentando que non atoparon “restos de ningunha vertedura”.



A primeiros do ano 2015, a asociación ecoloxista realiza unha analítica exhaustiva, onde se atopan depósitos de metais pesados típicos de actividades mineiras, e aínda así se fai caso omiso.

Tanto a veciñanza como distintas asociacións teñen denunciado as UTES responsables e as administracións competentes, que deben velar pola saúde do río e as persoas da zona. Durante todo este tempo-cinco anos- o único que se consegue é dúas pequenas multas a dúas UTES.

Non debemos esquecer que o Támega na parte galega, pertence a Rede Natura 2000, zonas de especial conservación.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que información ten a Xunta de Galicia sobre estes vertidos habituais no río Támega e afluentes?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García,

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



David Rodríguez Estévez na data 09/05/2018 13:07:00

Marcos Cal Ogando na data 09/05/2018 13:07:09

Antón Sánchez García na data 09/05/2018 13:07:22

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

A Circular 6/1981, de 20 de abril, do INSALUD garantía a igualdade social e o equilibrio territorial na prestación dos servizos sanitarios, outorgando unha axuda económica en concepto de desprazamento, aloxamento e manutención ás persoas beneficiarias asistidas en provincia distinta á de orixe, establecendo que o importe dos gastos por desprazamento se adaptara ás tarifas vixentes dos transportes públicos e fixando a dieta por estancia, tanto de pacientes como de acompañantes.

Dita Circular foi adaptada á Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade e ao Real Decreto 63/1995, de 20 de xaneiro, sobre ordenación de prestacións do Sistema Nacional de Saúde, mediante a Circular 5/1997, de 11 de abril, do Insalud.

A Constitución Española di:

Artigo 41

O poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres.

Artigo 43

1. Recoñécese o dereito á protección da saúde.



A Lei Xeral de Sanidade, establece

Artigo 3

2. A asistencia sanitaria pública estenderase a toda a poboación española. O acceso e as prestacións sanitarias realizaranse en condicións de igualdade efectiva.

3. A política de saúde estará orientada á superación dos desequilibrios territoriais e sociais.

A Lei 13/2003, de Cohesión e Calidade garante o acceso ás prestacións e, desexito, o dereito á protección da saúde en condicións de igualdade efectiva en todo o territorio:

Artigo 1. Obxecto. O obxecto desta lei é establecer o marco legal para as accións de coordinación e cooperación das Administracións públicas sanitarias, no exercicio das súas respectivas competencias, de modo que se garanta a equidade, a calidade e a participación social no Sistema Nacional de Saúde, así como a colaboración activa deste na redución das desigualdades en saúde.

Artigo 23. Garantía de accesibilidade. Todos os usuarios do Sistema Nacional de Saúde terán acceso ás prestacións sanitarias recoñecidas nesta lei en condicións de igualdade efectiva.

Artigo 24. Garantías de mobilidade.

1. O acceso ás prestacións sanitarias recoñecidas nesta lei garantirase con independencia do lugar do territorio nacional no que se encontren en cada momento os usuarios do Sistema Nacional de Saúde, atendendo especialmente ás singularidades dos territorios insulares.

2. Así mesmo, garantirase a todos os usuarios o acceso a aqueloutros servizos que sexan considerados como servizos de referencia de acordo co artigo 28 de esta lei.

A propia Administración do Estado, en relación con Ceuta e Melilla e mediante a resolución do 10 de xaneiro de 2006, do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, regula as axudas por desprazamento e dietas de estancia aos beneficiarios da asistencia sanitaria de Ceuta e Melilla desprazados por motivos asistenciais a outros centros do territorio estatal, con fundamento nos principios de garantía de igualdade substancial de toda a poboación ás prestacións sanitarias, e de inexistencia de calquera tipo de discriminación no acceso, administración e réxime de prestación dos servizos sanitarios.

Coa transferencia das competencias en materia de sanidade e en resposta a estes principios e normas, as Comunidades Autónomas regularon, xa no ámbito das súas propias competencias sanitarias, as axudas por gastos de desprazamento, aloxamento e manutención para as persoas usuarias desprazadas dos seus respectivos servizos sanitarios autonómicos.

Así, Asturias, Cantabria, Extremadura, Euskadi, A Rioxa, Navarra, Aragón, Castela-A Mancha; Castela-León; Ceuta e Melilla; Baleares, Comunidade Valenciana, Comunidade de Murcia, Euskadi e Canarias contemplan axudas económicas para os gastos de manutención, hospedaxe e desprazamentos en transporte non sanitario de pacientes e, no seu caso, de acompañante, a outras Comunidades Autónomas para completar o seu estudo clínico e/ou realizar un tratamento.

Mentres, en Galiza o DECRETO 42/1998, de 15 de xaneiro, polo que se regula o transporte sanitario establece:



Artigo 12º.-Non se consideran prestacións sanitarias obrigatorias os seguintes traslados:

a) Traslado por asistencia continuada: é o traslado de pacientes dende o seu domicilio a un centro asistencial ou á inversa, por motivos diagnósticos ou terapéuticos.

A planificación, organización e supervisión, así como os gastos ocasionados polos traslados descritos poderán ser asumidos polo Servizo Galego de Saúde sempre que concorran circunstancias que así o aconsellen e exista crédito presupostario dispoñible.

En Galiza non existen axudas económicas para os gastos de manutención, hospedaxe e desprazamentos en transporte non sanitario de pacientes e, no seu caso, de acompañante, cando son derivados polo propio Sergas a outras Comunidades Autónomas para completar o seu estudo clínico e/ou realizar un tratamento, agás casos excepcionais e sempre condicionados á dispoñibilidade orzamentaria.

Esta situación é particularmente preocupante no caso de traslados de nenos e nenas.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vai modificar o DECRETO 42/1998, de 15 de xaneiro, polo que se regula o transporte sanitario de xeito que se garantan axudas económicas para os gastos de manutención, hospedaxe e desprazamentos en transporte non sanitario de pacientes e, no seu caso, de acompañante, a outras Comunidades Autónomas para completar o seu estudo clínico e/ou realizar un tratamento?



Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 09/05/2018 13:54:09

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O novo aparcadoiro do CHUO, leva máis dun ano rematado pero aínda non foi aberto ao público, existindo unha clara intención por parte da Xunta de Galicia de levar a cabo a privatización da súa Xestión.

Con todo, pese a negativa por parte de Goberno de asumir a xestión pública e directa dunha infraestrutura que foi financiada con fondos públicos, a Comisión de Centro do CHUO está a denunciar unha situación anómala en dito aparcamento.

Pese a ter solicitado en reiteradas ocasións a posibilidade de facer uso das instalacións por parte do persoal e atopar de xeito sistemático silencio administrativo en relación a este asunto, en data 3 de maio presentaron escrito á xerencia da EOXI de Ourense poñendo no seu coñecemento o uso restrinxido e indebido das instalacións por parte de profesionais de empresas externas dun xeito habitual e para coches particulares.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte PREGUNTA:

- Cal vai a ser a actuación do Goberno ante os feitos denunciados pola Comisión de Centro?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018.



Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/05/2018 16:28:40



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Ante a fonda crise do sector financeiro que explota no 2008, no comezo da crise económica, lonxe de emprender unha reforma no camiño de reforzar a transparencia, a intervención, o control e tutela pública que evitara de novo as expansión das burbullas financeiras, os principais partidos do Estado español pactaron unha “reestruturación” co obxectivo de concentrar e centralizar o sector financeiro, privatizando e bancarizando as caixas de aforros e reducindo o número de entidades, sometidas ademais á supervisión única de institucións centrais do Estado.

Despois dunha década de movementos e transformacións bancarias, en xuño de 2017 consumouse a caída bursátil e venda a prezo de saldo do Banco Popular, o grupo que absorbera o Pastor e que era até o momento o segundo operador bancario en Galiza despois de Abanca.

O Santander mercou a última peza do sistema financeiro galego polo ridículo prezo dun só euro no medio dunha operación escura aínda pendente dunha investigación rigorosa, xa que os supervisores repetiron os mesmos erros e conivencias das crises de Bankia ou das Caixas Galegas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente, hai unhas semanas coñecemos a decisión do Santander de liquidar a marca Pastor, eliminando a súa ficha bancaria e a estrutura propia e polo tanto facendo que desapareza definitivamente a entidade financeira.

En Galiza sumando o persoal de Popular, Pastor e Santander hai sobre 2.300 traballadores e traballadoras, un número que se amplía se temos en conta os servizos derivados. Existe, tamén, unha ampla rede comercial con máis de 200 sucursais.

De consumarse a perda de entidade propia sería unha mala nova engadida a este chanzo no proceso de reestruturación bancaria iniciada coa crise que supón avanzar un paso máis na concentración, centralización e oligopolio bancario.

Neste momento, o Bloque Nacionalista Galego considera fundamental que se leven a cabo as operacións de negociación e diálogo posíbeis conducentes a favorecer que o Pastor manteña a súa marca, ficha bancaria e estrutura propia.

Por todos estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o Goberno galego de cara a favorecer o mantemento da marca pastor e minorar as consecuencias da absorción do grupo por parte do Santander?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 16:55
Nº Rexistro: 30777
Data envío: 09/05/2018 16:55:43.232

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2018 16:49:14

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2018 16:49:18

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2018 16:49:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2018 16:49:22

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2018 16:49:23

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2018 16:49:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector.

O transporte sanitario terrestre é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo, non se garante a calidade na prestación, e non se respectan os dereitos laborais d@s traballadores/as.

O Sergas sacou a concurso e realizou a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre, no que as empresas presentaron ofertas á baixa. Este concurso xerou malestar e preocupación entre as empresas galegas do sector, e @s traballadores/as. Existían fundados temores de que tal como se estaba a realizar o concurso puidera haber trato de favor e repercutiría nunha mingua das condicións laborais d@s traballadores/as, e unha perda significativa de emprego e deterioro da calidade asistencial.

Os temores estanse a verificar en feitos, estanse a producir toda unha cadea de incumprimentos que afectan ao funcionamento do servizo de ambulancias, @s traballadores/as, @s doentes e á calidade asistencial.

As empresas concesionarias do servizo pretenden que sexan @s traballadores/as @s as que carguen cos custe. Alegan que os orzamentos dos contratos non lles dan para cubrir os gastos do servizo e, aproveitándose das facilidades introducidas polas



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reformas laborais, propoñen rebaixas nas condicións laborais e salariais, mesmo teñen solicitado unha inaplicación do convenio que contempla un aumento de horas de traballo, a rebaixa das melloras sociais e unha redución salarial. Xa se ten producido o empeoramento das condicións laborais no que ten que ver co aumento de horas e o incremento, de entre un 10 e un 20%, da carga de traballo a consecuencia do incremento parello dos servizos que ten que atender o 061 tanto urxentes como non urxentes, aumentou o número de servizos, pero non os cadros de persoal. As traballadoras e traballadores son quen sofren as consecuencias.

A patronal do sector está a bloquear calquera posibilidade de negociación e incluso ameaza con despedimentos se os traballadores non aceptan as condicións que propoñen, polo que a Confederación Intersindical Galega ten convocada folga no sector.

Os incumprimentos danse por parte das empresas adjudicatarias, mais a responsabilidade desta situación tamén é da propia administración, xa que tanto @s responsábeis do 061, como do Sergas son perfectamente coñecedores do que está a acontecer e non realizan as tarefas nin de vixilancia nin de control.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

É coñecedor o Goberno galego das demandas d@s traballadores/as das empresas que prestan o servizo de transporte sanitario terrestre?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 17:12
Nº Rexistro: 30786
Data envío: 09/05/2018 17:12:59.779

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2018 17:09:48

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2018 17:09:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2018 17:09:54

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2018 17:09:56

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2018 17:09:58

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2018 17:09:59

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentn a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre os pastos arbustivos e pastos sobre arboredo non declarables hoxe nas axudas da PAC.

A comezos do século XX, en Galicia máis de 2 millóns de ovellas e cabras eran xestionadas polos seus propietarios. Os pequenos ruminantes son os animais mellor dotados para consumir recursos herbáceos e arbustivos, tan abundantes e mal aproveitados en Galicia, e poden vivir case exclusivamente do pasto e do ramalleo dos arbustos.

Estes rabaños, tiñan a súa propia singularidade nas zonas de montaña, cas veceiras ou rabaños comunitarios, grandes rabaño nas zonas de serra que pastoreaban as zonas altas e inaccesibles.

Moitas están a ser as causas da súa desaparición, pero tamén debemos de ter en conta as súas vantaxes, que pasan dende a súa perfecta adaptación o medio, a súa resistencia as enfermidades, lonxevidade, precocidade sexual, etc...

Hoxe en día en Galicia, xa só quedan 229.000 cabezas de gando ovino e cabrún repartidas entre 21.709 explotacións gandeiras, das cales unicamente 76 ganderías teñen máis de 250 animais.



En 2015 aplicouse unilateralmente unha quita nos pastos arbustivos e pastos sobre arboredo declarados na PAC que afectou ao 85% de todo territorio, de xeito que todos os recintos de menos de 3.000 metros cadrados foron reasignados cun coeficiente de admisibilidade igual a cero.

Isto supuxo por enriba que esta declaración de superficies da PAC marcarse o primeiro ano de compromisos no período do PDR 2015-2020, limitando o cobro por uso de toda esa superficie salvo que fose alegada.

Paradóxicamente na recente publicada Lei Ómnibus, a Comisión Europea reconece a singularidade deste aproveitamento con pastoreo, e suprime a obriga da consolidación herbácea, reducíndoo unicamente á consolidación do pastoreo sobre esa superficie, vindo a dar a razón das nosas propostas anteriores do 2015.

Dende En Marea defendemos este tipo de especies leñosas e arbustivas como base da alimentación do noso ovino e caprino, o mesmo tempo que están a facer un traballo preventivo nos nosos montes moi importante.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados que subscriben formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal foi o motivo para suprimir os pastos arbustivos e pastos sobre arboredo declarables nas axudas da PAC, tal e como teñen en outras comunidades autónomas?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 09/05/2018 18:06:05

Paula Quinteiro Araújo na data 09/05/2018 18:06:15



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 18:09
Nº Rexistro: 30804
Data envío: 09/05/2018 18:09:31.927

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás posíbeis verteduras industriais no río Támea de Ourense.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente tanto os incumprimentos e danos en múltiples aspectos (ambiental, viario, etc.) das obras do AVE como as deficiencias de que a xestión e actuación de boa parte dos nosos ríos pertenza ao goberno central, nomeadamente nas comarcas aglutinadas baixo a distribución provincial de Ourense.

Unha vez máis, o pasado martes 8 de maio, e non é a primeira, conforme consta por denuncias públicas feitas xa non pola organización nacionalista, senón tamén por colectivos de defensa do medio ambiente eo territorio, produciuse novamente unha vertedura que afectou ao Támea. Sen ir máis lonxe, foi xa no ano 2013 cando ADEGA, Asociación para Defensa Ecolóxica de Galiza, presentou reclamacións ao respecto.

Na data referida produciuse unha nova vertedura ao río Cabras, afluente do Támea. Vertedura que a todas luces parece ser procedente das obras do AVE. Neste sentido, cómpre recordar que a maioría das verteduras prodúcense cando teñen lugar treboadas ou choivas intensas na zona, o cal parece indicar algún tipo de carencia canto ás medidas de prevención e contención. Máis aínda, existe a sospeita de que a concorrencia deste tipo de condicións climáticas pode ter sido aproveitada para baleirar



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 18:09
Nº Rexistro: 30804
Data envío: 09/05/2018 18:09:31.927

balsas con depósitos e que podería explicar a observancia de presunta contaminación producida por lodos xa que as augas presentan unha cor grisácea ou marrón.

Hai que engadir que boa parte do territorio potencialmente afectado por estas verteduras ten diversos graos e figuras de protección como a propia Rede Natura. Máis aínda, segundo lle foi transmitido a este Grupo Parlamentar, no ano 2015 ADEGA realizou unha analítica na que se detectou a presenza de metais pesados.

Cómpre recordar que após a nova vertedura do 8 de maio que chegou a ser visíbel no paso do Támea por Verín, as autoridades do Concello de Verín desenvolveron unha serie de actuacións de vixilancia e posta en común na procura dunha solución. Así mesmo, a Mancomunidade sumouse a esta vontade. Porén, alén da implicación municipal, desde o Bloque Nacionalista Galego, á luz destas cuestións, consideramos que a Xunta de Galiza e a Consellaría competente debe centrar esforzos nesta cuestión e deixar de ignorar un problema ambiental potencialmente grave que mesmo pode ter repercusións na saúde pública.

Finalmente, cómpre recordar tamén a distorsión que supón na xestión e nos usos do Támea, tanto por parte da veciñanza como do tecido asociativo como dos termos municipais, a anomalía de non pertencer a unha institución galega. Das catro bacías existentes en Galiza, a Xunta de Galiza só conta con competencias exclusivas na bacía hidrográfica Galicia-Costa. A Demarcación Hidrográfica do Douro é de xestión exclusiva do goberno central.

Por todos estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 18:09
Nº Rexistro: 30804
Data envío: 09/05/2018 18:09:31.927

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impedir a reiteración de verteduras no río Támega ou nos seus afluentes?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2018 18:07:28

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2018 18:07:33

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2018 18:07:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2018 18:07:37



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 18:09
Nº Rexistro: 30804

Data envío: 09/05/2018 18:09:31.927

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2018 18:07:38

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2018 18:07:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Carme Santos Queiruga, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en PLENO**.

O plan Hurbe naceu no ano 2010 como unha humanización das vilas de Galicia, un achegamento das estruturas urbanas a cidadanía que vive nelas, tendo en conta o modelo social de integración cidadá de persoas nativas e inmigrantes, mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.

No DOG número 86 do venres, 4 de maio de 2018 re cóllese a Orde do 25 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018, cun orzamento total de catro millóns trescentos oitenta e un mil cincocentos corenta e tres euros (4.381.543,00 euros), distribuídos para o ano 2018 en 2.882.373 euros e para o ano 2019 en 1.499.170 euros.

Nótese que para o ano hai eleccións municipais e que este plan Hurbe xa foi sinalado pola oposición como un medio de propaganda diante ou posteriormente as eleccións municipais, anteriormente. Por exemplo, na convocatoria do ano 2016 dito crédito esgotouse 1 día despois de publicarse a convocatoria no DOG o 20 de xuño de 2016, é dicir, o día 21 de xuño de 2016.

Esta orde ten por obxecto, como sinala o artigo 1, establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas aos concellos de Galicia para a creación e mellora de infraestruturas e equipamentos, é dicir, por rigorosa orde de chegada das solicitudes ata esgotar o crédito, sen ningún outro



criterio obxectivo que implique que aqueles concellos máis necesitados podan acceder a esta liña de subvencións.

Este criterio de orde de chegada combínase sospeitosamente cunha inmediatez entre a publicación e a entrada en vigor, ao que debemos sumar a necesidade de cumprimentar determinados requisitos que requiren certa antelación na formulación das actuacións en relación á convocatoria sorpresivamente anunciada e xa en vigor. Por se isto fose pouco, do punto de vista do control da actuación, ningunha das administracións, nin a cidadanía en xeral, posúe forma ningunha de coñecer cal é a progresión de entrada das subvencións, como se van aprobando ou o momento en que se esgotan os recursos.

Poden ser o beneficiarios os concellos que teñan remitidas as contas ao Consello de Contas (ata finalización do prazo de presentación da solicitude de axudas), non incorrer a entidade local en ningunha prohibición das que recolle a lei 9/2007 de subvencións de Galicia no artigo 10.2 e 3 e acreditar a viabilidade do proxecto no ámbito no que se pretendan realizar as actuación obxecto da solicitude, con certificación emitida pola secretaría do Concello recollendo especificamente que deber entenderse por viabilidade, como aquela que se da cando as actuacións non precisen ningunha autorización, licenza urbanística, ou ben sectorial.

Como actuacións subvencionables establécense as seguintes: obras de equipamentos públicos, equipamentos públicos, humanización de rúas e humanización e mellora de espazos públicos, inda que só se pode pedir unha única actuación por cada concello.

Por todo o exposto este grupo parlamentar presenta a **seguinte cuestión para a súa resposta oral en Pleno:**

- A quen pretende beneficiar a Xunta cunha liña de axudas que se anuncia en concorrencia non competitiva e que entra inmediatamente en vigor dende a súa publicación, sen control posible sobre disposición do crédito por parte dos concorrentes?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 09/05/2018 18:12:23

Carmen Santos Queiruga na data 09/05/2018 18:12:32

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venta, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, coñecida como Lei antitabaco, foi promovida polo Goberno presidido por José Luis Rodríguez Zapatero co apoio dos colectivos sanitarios e entidades supranacionais, pero con reiteradas protestas de parte da oposición política en toda España e, tamén, das mesmas formacións en Galicia.

As consecuencias da aplicación desta lei e do incremento progresivo dos prezos son de sobra coñecidas, pois a promoción de condutas saudables deu un forte pulo no que corresponde ao consumo e afectación do tabaco, reducíndose ata practicamente a metade o consumo de cigarros por persoa en España dende a aplicación da lei. O tabaco é causante de enfermidades relativas ao corazón, ao sistema respiratorio e dalgúns tipos de cancro, nos que se convirte no principal causante como é o caso do cancro de pulmón.

A pesares dos avances conquistados, en España hoxe existen aínda varios problemas co consumo de tabaco. A idade de inicio está antes dos 14 anos, e en Galicia seguen a ser consumidores de tabaco algo menos dun 20 % dos maiores de 15 anos.

A última enquisa do barómetro sanitario do CIS apunta que, en Galicia, existe algunha percepción de que “non se está cumprindo nada” dita lei no entorno de hospitais e centros educativos (15,6 %) e en terrazas que non cumpren as condicións para poder permitilo (14,7 %). En ambos casos, a percepción cidadán sobre o cumprimento da lei é valorada por debaixo do 5 (sobre 10).

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o grao de cumprimento da Lei antitabaco en Galicia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/05/2018 18:14:31

Noela Blanco Rodríguez na data 09/05/2018 18:14:37



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2018 12:55
Nº Rexistro: 30909
Data envío: 14/05/2018 12:55:14.911

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, sobre os cambios que prevé introducir a CRTVG na programación radiofónica a partir do vindeiro mes de setembro.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola indignación social suscitada e as repercusións que terán para o servizo público a supresión das desconexións informativas locais e o Diario Cultural como espazo informativo propio.

Exposición de motivos

A dirección da CRTVG avanzou, en xuntanza co Comité intercentros e a través dun comunicado de prensa, que a partir do vindeiro mes de setembro, co gallo da nova temporada, introducirá importantes cambios na programación radiofónica.

Entre eles, a supresión das desconexións informativas locais, despois de que en 2010 pechasen as delegacións de Burela, Ferrol e Pontevedra; así como a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

supresión do Diario Cultural como espazo informativo propio, un dos programas de radiofusión máis senlleiros da Radio Galega, con 28 anos de traxectoria.

A decisión causou unha importante indignación social, especialmente entre a cultura galega, mais tamén a preocupación de entidades como o Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza.

A televisión e a radio públicas de Galiza constitúen, alén dun servizo público, un dereito fundamental para a poboación do noso país. Así xurdiron, co obxectivo de garantir o acceso a unha información próxima, plural que puxese o foco na realidade galega e contribuíse, entre outras cuestións, a normalizar a lingua propia, promocionar e difundir a cultura galega na defensa da identidade de Galiza.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que valoración fai o Goberno galego nas mudanzas que a CRTVG pretende introducir na programación da Radio Galega?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ana Pontón Mondelo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2018 12:55
Nº Rexistro: 30909
Data envío: 14/05/2018 12:55:14.911

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/05/2018 12:54:16

María Montserrat Prado Cores na data 14/05/2018 12:54:20

Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2018 12:54:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/05/2018 12:54:23

Noa Presas Bergantiños na data 14/05/2018 12:54:24

Xosé Luis Bará Torres na data 14/05/2018 12:54:25

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Julia Torregrosa Sañudo e Jose Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á modificación da programación da Radio Galega prevista para setembro do presente ano.

Xustificación da Urxencia.

A dirección da corporación Radio Televisión de Galicia, ven de anunciar a modificación de determinados contidos culturais e informativos a partir do mes de setembro.

A entidade pretende eliminar as desconexións locais, o que se suma á supresión das delegacións de Pontevedra e Ferrol feita con anterioridade, así como a eliminación do Diario Cultural na súa actual configuración, un dos programas de maior lonxevidade e identidade propia da radio autonómica.

Esta decisión esta a provocar unha enorme indignación no conxunto da cidadanía e a cultura galega, xa que supón un paso máis na política de etnocidio da cultura e a lingua galega.



Esta decisión ademais incumpre a lei de medios de Galicia e os propios estatutos da corporación que recollen de forma expresa a promoción da cultura e a identidade de Galicia. A súa desaparición como programa independente non garante a consecución destes obxectivos e supón de facto e supresión dun dos últimos escaparates da creación galega na canle pública.

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente:**

Que opinión ten o Goberno galego das modificacións que se pretenden facer na grella de programación da Radio Galega?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 14/05/2018 18:00:58

Paula Vázquez Verao na data 14/05/2018 18:01:06

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/05/2018 18:01:10

Carmen Santos Queiruga na data 14/05/2018 18:01:13

Antón Sánchez García na data 14/05/2018 18:01:16

Eva Solla Fernández na data 14/05/2018 18:01:19



Luca Chao Pérez na data 14/05/2018 18:01:22

Paula Quinteiro Araújo na data 14/05/2018 18:01:25

Magdalena Barahona Martín na data 14/05/2018 18:01:27

José Manuel Lago Peñas na data 14/05/2018 18:01:30

Francisco Casal Vidal na data 14/05/2018 18:01:34

David Rodríguez Estévez na data 14/05/2018 18:01:37

Marcos Cal Ogando na data 14/05/2018 18:01:41

Julia Torregrosa Sañudo na data 14/05/2018 18:01:44

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada porque a lista provisional das escolas infantís da Xunta de Galicia publicada recentemente para o vindeiro curso 2018/2019, que inclúe 172 garderías da rede Galiña Azul, deixa fóra a 3.873 pequenos de 0 a 3 anos.

Segundo o IGE, a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 90.607 persoas. Datos da propia Consellería de Política Social indican que a rede autonómica oferta o próximo curso 10.264 prazas de 0 a 3 anos en 172 escolas infantís, a maioría, 145, xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e os 27 restantes pola Axencia Galega de Servizos Sociais. A estas escolas públicas hai que engadirllas as de titularidade municipal, as de iniciativa social, as do Sergas, as das universidades, ou as que se financian nos centros privados a través do Bono Concilia ou mediante concertos.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar anunciaba a semana pasada a publicación das listas provisionais de persoas admitidas e de agarda na Rede de Escolas Infantís de Galicia “A Galiña Azul”, dependentes do Consorcio, para o curso escolar 2018/19.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da oferta de prazas en escolas infantís públicas da nosa Comunidade Autónoma para o vindeiro curso 2018/2019?

Pazo do Parlamento, 14 de maio de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/05/2018 18:03:03

Julio Torrado Quintela na data 14/05/2018 18:03:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2018 18:27
Nº Rexistro: 30960
Data envío: 14/05/2018 18:27:07.311

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr Feijóo, cando vai remitir a este Parlamento a auditoría de KPMG que supostamente recomendaba a fusión das caixas galegas, ou é que esta audioría - pola que pagamos un millón de euros- non existe?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2018 16:47:31

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, esta vostede satisfeito coas últimas avaliacións coñecidas sobre o sistema sanitario público de Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de maio de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/05/2018 16:53:48

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. Presidente, non cre que a cidadanía galega merece información veraz e completa sobre as motivacións da súa acción de goberno?


Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 14/05/2018 18:10:57



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727